

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	2024/2025

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	8
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	10
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	11
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	18
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	23
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	25
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	28
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	29
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	29
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	39
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	40
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	42
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	45
o) Outros apartados	46

## **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

Adecuación dos obxectivos xerais de etapa ao contexto do centro

ESO

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

1. Consolidar hábitos de disciplina, responsabilidade, estudo e traballo individual e en equipo, de uso da iniciativa persoal, toma de decisións e planificación de metas persoais, de distintas formas de aprender a aprender, como condicións imprescindibles para o desenvolvemento da autoconfianza e competencia persoal.
2. Comprender e expresarse con corrección, oralmente e por escrito, nas linguas cooficiais e en máis dunha lingua estranxeira, utilizándoas de maneira versátil para diferentes contextos e intencións comunicativas, valorar a empatía na comunicación como instrumento de autorregulación do pensamento e eixe da convivencia e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
3. Desenvolver destrezas na procura, selección, organización e integración coherente da información, como estratexia para adquirir novos coñecementos e resolver problemas académicos e cotiás a través do uso habitual de distintos recursos, especialmente, das tecnoloxías da información e a comunicación.
4. Fortalecer no alumnado as capacidades afectivas da personalidade e das súas relacións interpersoais, rexeitando os prexuízos e os comportamentos sexistas, co fin de acadar sempre a inclusión na comunidade educativa, e resolver pacificamente os conflitos.
5. Desenvolver e aplicar o pensamento científico-técnico, utilizando valores e criterios éticos, asemade de análise sistemática e economía e eficacia, que permitan adquirir actitudes para a resolución de problemas de distinta complexidade, en diversos campos do coñecemento e en situacións da vida cotiá.
6. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico propio e da diversidade de persoas e pobos, participando na súa conservación e mellora con sentimento de cidadanía global e plural compatible coa identidade local. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galegas ou a outras culturas do mundo.
7. Coñecer, aceptar e respectar o funcionamento do corpo humano propio e doutras persoas, e desenvolver o coidado e calidade da saúde corporal persoal e social, afianzando hábitos de práctica, crítica e responsable, de actividade física e deporte, de consumo racional, así como de interacción e conservación do espazo físico e dos seres vivos.
8. Capacitar aos alumnos con aprendizaxes integradores que lles permitan alcanzar o gusto por aprender, o éxito académico e a incorporación a estudos posteriores ou a vida laboral.
9. Coñecer, comprender e valorar as distintas linguaxes e manifestacións artísticas, culturais e deportivas, e achegas relevantes, como parte da diversidade e da evolución do patrimonio dos pobos, diálogo intercultural, forma de desenvolvemento do pensamento diverxente-converxente e como fonte de enriquecemento e gozo.
10. Participar nas actividades propostas pola comunidade educativa, mostrando exercicio na cidadanía democrática nunha sociedade plural, ao asumir responsablemente os deberes e dereitos no respecto ás outras persoas e grupos, exercitar o diálogo, practicar a tolerancia, a igualdade e equidade e a cooperación e solidariedade.
11. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
12. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
13. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia e como medio de relación interpersoal e expresión de

riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

#### Bacharelato

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

1. Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá, e unha ou máis linguas estranxeiras, acadando a capacidade de expresarse correctamente en público a través de distintos tipos de discurso acordes con diferentes contextos sociais e culturais, e de comunicarse de xeito que establezan vínculos construtivos cos demais e co contorno.
2. Utilizar eficazmente e con responsabilidade as funcións transmisora e xeradora das tecnoloxías da información e da comunicación, como ferramentas para conseguir obxectivos e fins de aprendizaxe, traballo e lecer, previamente establecidos.
3. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principios factores da súa evolución, as súas escalas de valores no marco dos patróns culturais básicos de cada rexión, país ou comunidade e contribuír a afianzar e conservar o patrimonio material e inmaterial de Galicia no contexto dun mundo globalizado.
4. Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, actuando con criterio propio e practicando normas de convivencia que amosen adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade e compromiso na construción dunha sociedade plural xusta e equitativa en dereitos e oportunidades das persoas e favoreza a sustentabilidade.
5. Reforzar os hábitos de lectura, estudo e autonomía así como actitudes de iniciativa, autoconfianza, de traballo en equipo, de creatividade, flexibilidade, como condicións necesarias para o desenvolvemento dunha madurez intelectual e humana, persoal e social que lles permita resolver responsable, crítica e pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
6. Acceder aos coñecementos e métodos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato elixida, e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida.
7. Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria.
8. Participar de forma solidaria en actividades que fomenten o desenvolvemento e mellora do seu contorno social e afianzar a sensibilidade e o respecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego, procurando a conservación dos recursos e da diversidade.
9. Proporcionar ao alumnado a formación, a madurez, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse a vida activa con responsabilidade e competencia, así como capacitalo para o acceso á educación superior ou ao ámbito laboral e valorar a importancia da educación permanente durante toda a vida. Ser capaz de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
10. Desenvolver a sensibilidade cara a manifestacións artísticas, literarias e deportivas, así como as habilidades perceptivas e comunicativas, sentido estético e valoración da liberdade de expresión que requiren, como fontes para cultivar a capacidade creadora, enriquecemento cultural e participación e conservación do patrimonio da propia comunidade como doutras.
11. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
12. Afianzar hábitos de utilización da educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables e de gozo do tempo de lecer.
13. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

#### Ciclos Formativos

Os obxectivos xerais do ciclo formativo de Soldadura e Caldeirería son os seguintes:

1. Identificar, analizar e caracterizar as fases de fabricación de construcións metálicas, interpretando as especificacións técnicas, para establecer o proceso máis axeitado.
2. Seleccionar ferramentas e equipamentos tendo en conta a relación entre as súas características tecnolóxicas, o seu funcionamento e as necesidades do proceso, para acondicionar a área de traballo.
3. Recoñecer as características de programas de control numérico, robots e manipuladores, tendo

en conta as relacións entre as linguaxes de programación e as súas aplicacións, para preparar máquinas e sistemas.

4. Analizar as técnicas de trazar, cortar, mecanizar e conformar, e manipular os controis das máquinas, xustificando a secuencia operativa para obter produtos de construcións metálicas.
5. Identificar as fases e as operacións que haxa que realizar, e analizar os procedementos de traballo e a normativa para montar estruturas metálicas e tubaxes.
6. Identificar os valores dos parámetros de traballo e analizar o proceso de soldaxe ou de corte, para preparar e pór a punto os equipamentos de soldadura ou de corte.
7. Recoñecer e manexar os equipamentos de soldadura ou corte, e describir a secuencia operativa para unir, cortar ou reparar compoñentes de construcións metálicas.
8. Recoñecer as técnicas de ensaios en relación coas prescricións de resistencia estrutural e de estanquidade que haxa que cumprir, para verificar a conformidade de produtos e instalacións.
9. Medir parámetros de compoñentes de construcións metálicas mediante o cálculo do seu valor e a súa comparación coas especificacións técnicas, para verificar a súa conformidade.
10. Identificar os tratamentos de protección en relación coas características do produto final, para protexer tubaxes.
11. Identificar as necesidades de mantemento de máquinas e equipamentos, e xustificar a súa importancia, para asegurar a súa funcionalidade.
12. Recoñecer e valorar continxencias, determinar as causas que as provocan e describir as accións correctoras, para resolver as incidencias asociadas á súa actividade profesional.
13. Analizar e describir os procedementos de calidade, prevención de riscos laborais e ambientais, e sinalar as accións para realizar nos casos definidos para actuar de acordo con normas estandarizadas.
14. Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo, e identificar a súa achega ao proceso global para conseguir os obxectivos da produción.
15. Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e emprego, analizando as ofertas e demandas do mercado laboral para xestionar a súa carreira profesional.
16. Recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado para crear e xestionar unha pequena empresa.
17. Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

Os obxectivos xerais do ciclo formativo de Atención a persoas en situación de dependencia son os seguintes:

1. Identificar técnicas e instrumentos de observación e rexistro, e seleccionalos en función das características das persoas en situación de dependencia e do plan de atención individualizado, para determinar as súas necesidades asistenciais e psicosociais.
2. Interpretar as directrices do programa de intervención, adecuándoas ás características e ás necesidades das persoas en situación de dependencia, para organizar as actividades asistenciais e psicosociais.
3. Identificar as posibilidades e as limitacións das persoas en situación de dependencia, seleccionando o tipo de axuda segundo os seus niveis de autonomía e autodeterminación, para a realización das actividades de hixiene persoal e vestidura, seguindo as pautas marcadas no plan de atención individualizado.
4. Interpretar as prescricións dietéticas establecidas no plan de atención individualizado, adecuando os menús e a preparación de alimentos, para organizar a intervención relacionada coa alimentación.
5. Identificar as necesidades de apoio á inxestión das persoas en situación de dependencia, tendo en conta a súa relación coas técnicas e os soportes de axuda, para administrar os alimentos.
6. Analizar procedementos de administración e control de gastos en relación cos recursos e as necesidades das persoas en situación de dependencia, para xestionar o orzamento da unidade de convivencia.
7. Identificar procedementos de mantemento do domicilio, e seleccionar os recursos e os medios necesarios que garantan as condicións de habitabilidade, hixiene e orde, con criterios de calidade, seguridade e coidado ambiental, para realizar as actividades de mantemento e limpeza.
8. Seleccionar técnicas de preparación para a exploración, a administración e o control de medicación e recollida de mostras da persoa en situación de dependencia, en relación coas súas características e as pautas establecidas para levar a cabo intervencións relacionadas co estado físico.
9. Seleccionar procedementos e axudas técnicas, seguindo as directrices do plan de atención

individualizado e adecuándoos á situación das persoas en situación de dependencia, para realizar traslados, mobilizacións e apoio á deambulación.

10. Identificar factores de risco en relación coas medidas de prevención e seguridade, para aplicar as medidas adecuadas para preservar a integridade das persoas en situación de dependencia e os propios profesionais.

11. Seleccionar técnicas de primeiros auxilios, seguindo os protocolos establecidos para actuar en situacións de emerxencia e risco para a saúde no desenvolvemento da súa actividade profesional.

12. Analizar estratexias psicolóxicas, rehabilitadoras, ocupacionais e de comunicación, adecuándoas a circunstancias específicas da persoa en situación de dependencia, para realizar intervencións de apoio psicosocial acordadas coas directrices do plan de atención individualizado.

13. Identificar sistemas de apoio á comunicación en relación coas características da persoa, para o desenvolvemento e o mantemento de habilidades de autonomía persoal e social.

14. Seleccionar axudas técnicas e de comunicación en relación coas posibilidades e as características da persoa en situación de dependencia, para favorecer as habilidades de autonomía persoal e social, e as posibilidades de vida independente.

15. Identificar os principios de vida independente en relación coas características da persoa e do contexto, para promover a súa autonomía e participación social.

16. Analizar os elementos críticos do plan individual de vida independente en relación coas decisións de cada persoa, para realizar as tarefas de acompañamento e asistencia persoal.

17. Seleccionar estilos de comunicación e actitudes en relación coas características da persoa interlocutora, para asesorar as persoas en situación de dependencia, as familias e o persoal coidador non formal.

18. Identificar os protocolos de actuación en relación coas contingencias, para as resolver con seguridade e eficacia.

19. Formalizar os instrumentos de control e seguimento, aplicando os protocolos, para colaborar no control e no seguimento nas actividades asistenciais, psicosociais e de xestión.

20. Identificar ferramentas telemáticas e aplicacións informáticas, e seleccionar os protocolos establecidos para a emisión, a recepción e a xestión de chamadas do servizo de teleasistencia.

21. Analizar e utilizar os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación, para aprender e actualizar os seus coñecementos, recoñecendo as posibilidades de mellora profesional e persoal, para se adaptar a diversas situacións profesionais e laborais.

22. Desenvolver traballos en equipo e valorar a súa organización, participando con tolerancia e respecto, e tomar decisións colectivas ou individuais, para actuar con responsabilidade e autonomía.

23. Adoptar e valorar solucións creativas ante problemas e contingencias que se presenten no desenvolvemento dos procesos de traballo, para resolver de xeito responsable as incidencias da súa actividade.

24. Aplicar técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á súa finalidade e ás características dos receptores, para asegurar a eficacia do proceso.

25. Analizar os riscos ambientais e laborais asociados á actividade profesional en relación coas súas causas, co fin de fundamentar as medidas preventivas que se vaian adoptar, e aplicar os protocolos correspondentes, para evitar danos propios, nas demais persoas, no contorno e no ambiente.

26. Analizar e aplicar as técnicas necesarias para dar resposta á accesibilidade e o deseño universais.

27. Aplicar e analizar as técnicas necesarias para mellorar os procedementos de calidade do traballo no proceso de aprendizaxe e no sector produtivo de referencia.

28. Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.

29. Recoñecer os dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais para participar na cidadanía democrática.

Os obxectivos xerais do ciclo de formación profesional básica de Servizos Administrativos son os seguintes:

1. Identificar as principais fases do proceso de gravación, tratamento e impresión de datos e textos, determinando a secuencia de operacións, para preparar equipamentos informáticos e aplicacións.

2. Analizar as características dos procesadores de texto e das follas de cálculo, empregando as súas principais utilidades e as técnicas de escritura ao tacto, para elaborar documentos.

3. Caracterizar as fases do proceso de garda, custodia e recuperación da información, empregando equipamentos informáticos e medios convencionais para o seu almacenamento e o seu arquivamento.
4. Utilizar procedementos de reprodución e encadernamento de documentos controlando e mantendo operativos os equipamentos, para realizar labores de reprografía e encadernamento.
5. Describir os protocolos establecidos para a recepción e o envío de correspondencia e paquetería, identificando os procedementos e as operacións, para a súa tramitación interna ou externa.
6. Describir os principais procedementos de cobramento, pagamento e control de operacións comerciais e administrativas utilizados na actividade empresarial, determinando a información salientable para a realización de operacións básicas de tesouraría e para o seu rexistro e a súa comprobación.
7. Determinar os elementos salientables das mensaxes máis usuais para a recepción e a emisión de chamadas e mensaxes mediante equipamentos telefónicos e informáticos.
8. Aplicar procedementos de control de almacenamento comparando niveis de existencias, para realizar tarefas básicas de mantemento do almacén de material de oficina.
9. Recoñecer as normas de cortesía e as situacións profesionais en que son aplicables, para atender a clientela.
10. Comprender os fenómenos que acontecen no ámbito natural mediante o coñecemento científico como un saber integrado, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar e resolver problemas básicos nos campos do coñecemento e da experiencia.
11. Desenvolver habilidades para formular, interpretar e resolver problemas, e aplicar o razoamento de cálculo matemático para se desenvolver na sociedade e no ámbito laboral, e para xestionar os seus recursos económicos.
12. Identificar e comprender os aspectos básicos de funcionamento do corpo humano e pólos en relación coa saúde individual e colectiva, e valorar a hixiene e a saúde, para permitir o desenvolvemento e o afianzamento de hábitos saudables de vida en función do contorno.
13. Desenvolver hábitos e valores acordes coa conservación e a sustentabilidade do patrimonio natural, comprendendo a interacción entre os seres vivos e o medio natural, para valorar as consecuencias que se derivan da acción humana sobre o equilibrio ambiental.
14. Desenvolver as destrezas básicas das fontes de información utilizando con sentido crítico as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter e comunicar información nos contornos persoal, social ou profesional.
15. Recoñecer características básicas de producións culturais e artísticas, aplicando técnicas de análise básica dos seus elementos, para actuar con respecto e sensibilidade cara á diversidade cultural, o patrimonio histórico-artístico e as manifestacións culturais e artísticas.
16. Desenvolver e afianzar habilidades e destrezas lingüísticas, e alcanzar o nivel requirido de precisión, claridade e fluidez, utilizando os coñecementos sobre as linguas galega e castelá, para se comunicar no seu contexto social, na súa vida cotiá e na actividade laboral.
17. Desenvolver habilidades lingüísticas básicas en lingua estranxeira para se comunicar de xeito oral e escrito en situacións habituais e predicibles da vida cotiá e profesional.
18. Recoñecer causas e trazos propios de fenómenos e acontecementos contemporáneos, a súa evolución histórica e a súa distribución xeográfica, para explicar as características propias das sociedades contemporáneas.
19. Desenvolver valores e hábitos de comportamento baseados en principios democráticos, aplicándoos nas súas relacións sociais habituais e na resolución pacífica dos conflitos.
20. Comparar e seleccionar recursos e ofertas formativas existentes para a aprendizaxe ao longo da vida, para se adaptar ás novas situacións laborais e persoais.
21. Desenvolver a iniciativa, a creatividade e o espírito emprendedor, así como a confianza en si mesmo/a, a participación e o espírito crítico, para resolver situacións e incidencias da actividade profesional ou de índole persoal.
22. Desenvolver traballos en equipo asumindo os deberes, cooperando coas demais persoas con tolerancia e respecto, para a realización eficaz das tarefas e como medio de desenvolvemento persoal.
23. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para se informar, se comunicar, aprender e facilitar as tarefas laborais.
24. Relacionar os riscos laborais e ambientais coa actividade laboral, co propósito de utilizar as medidas preventivas correspondentes para a protección persoal, evitando danos ambientais e ás demais persoas.
25. Desenvolver as técnicas da súa actividade profesional asegurando a eficacia e a calidade no seu



traballo, e propor, se procede, melloras nas actividades de traballo.

26. Recoñecer os dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

27. Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes.

28. Rexeitar calquera discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero.

## **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

Na actualidade e coa vixencia da LOMLOE (Lei 3/2020, do 29 de decembro), a concreción curricular para os distintos bloques de materias nos cursos da ESO é a recollida no anexo II do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo da ESO en Galicia. Asemade, no bacharelato, a concreción curricular das materias é a recollida no anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo de Bacharelato en Galicia.

Os currículos mencionados establecen oito competencias. Para cada materia os novos currículos establecen unha serie de obxectivos, entendidos como o desempeño que alumnado debe poder despreñar en actividades ou situacións que para a súa abordaxe requiren de aprendizaxes asociados a contidos de cada materia. Estes obxectivos constitúen un elemento de conexión entre o perfil de saída do alumnado por unha banda, e os criterios de avaliación e contidos das materias pola outra, na etapa da ESO; mentres que no BAC, os obxectivos constitúen un elemento de conexión entre as competencias por unha banda e os criterios de avaliación e contidos pola outra.

No relativo á ESO, o perfil de saída identifica e fixa as competencias clave que o alumnado debe adquirir e desenvolver ó finalizar a educación básica.

O perfil de saída é o aspecto novidoso da ESO con respecto a leis anteriores, pero que non se establece no Bacharelato. En ambos casos se confire importancia ás competencias clave, entendidas como os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar o seus retos e desafíos globais e xerais.

Os currículos establecen orientacións pedagóxicas, entendidas como indicacións para orientar ó profesorado no deseño e planificación das estratexias, procedementos e accións docentes de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permitan o logro dos obxectivos e adquisición das competencias clave.

Na actualidade e coa vixencia da LOMLOE (Lei 3/2020, do 29 de decembro), a concreción curricular para os distintos bloques de materias nos cursos da ESO é a recollida no anexo II do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo da ESO en Galicia. Asemade, no bacharelato, a concreción curricular das materias é a recollida no anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo de Bacharelato en Galicia.

Os currículos mencionados establecen oito competencias. Para cada materia os novos currículos establecen unha serie de obxectivos, entendidos como o desempeño que alumnado debe poder despreñar en actividades ou situacións que para a súa abordaxe requiren de aprendizaxes asociados a contidos de cada materia. Estes obxectivos constitúen un elemento de conexión entre o perfil de saída do alumnado por unha banda, e os criterios de avaliación e contidos das materias pola outra, na etapa da ESO; mentres que no BAC, os obxectivos constitúen un elemento de conexión entre as competencias por unha banda e os criterios de avaliación e contidos pola outra.

No relativo á ESO, o perfil de saída identifica e fixa as competencias clave que o alumnado debe adquirir e desenvolver ó finalizar a educación básica.

O perfil de saída é o aspecto novidoso da ESO con respecto a leis anteriores, pero que non se establece no Bacharelato. En ambos casos se confire importancia ás competencias clave, entendidas como os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar o seus retos e desafíos globais e xerais.

Os currículos establecen orientacións pedagóxicas, entendidas como indicacións para orientar ó profesorado no deseño e planificación das estratexias, procedementos e accións docentes de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permitan o logro dos obxectivos e adquisición das competencias clave.

Na actualidade e coa vixencia da LOMLOE (Lei 3/2020, do 29 de decembro), a concreción curricular para os distintos bloques de materias nos cursos da ESO é a recollida no anexo II do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo da ESO en Galicia. Asemade, no bacharelato, a concreción curricular das materias é a recollida no anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo de Bacharelato en Galicia.



currículo de Bacharelato en Galicia.

Os currículos mencionados establecen oito competencias. Para cada materia os novos currículos establecen unha serie de obxectivos , entendidos como o desempeño que alumnado debe poder desprezar en actividades ou situacións que para a súa abordaxe requiren de aprendizaxes asociados a contidos de cada materia . Estes obxectivos constitúen un elemento de conexión entre o perfil de saída do alumnado por unha banda , e os criterios de avaliación e contidos das materias pola outra, na etapa da ESO; mentres que no BAC , os obxectivos constitúen un elemento de conexión entre as competencias por unha banda e os criterios de avaliación e contidos pola outra.

No relativo á ESO , o perfil de saída identifica e fixa as competencias clave que o alumnado debe adquirir e desenvolver ó finalizar a educación básica .

O perfil de saída é o aspecto novidoso da ESO con respecto a leis anteriores , pero que non se establece no Bacharelato . En ambos casos se confire importancia ás competencias clave, entendidas como os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar o seus retos e desafíos globais e xerais .

Os currículos establecen orientacións pedagóxicas , entendidas como indicacións para orientar ó profesorado no deseño e planificación das estratexias , procedementos e accións docentes de maneira consciente e reflexiva , coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permitan o logro dos obxectivos e adquisición das competencias clave .

Na actualidade e coa vixencia da LOMLOE (Lei 3/2020, do 29 de decembro), a concreción curricular para os distintos bloques de materias nos cursos da ESO é a recollida no anexo II do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo da ESO en Galicia. Asemade, no bacharelato , a concreción curricular das materias é a recollida no anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo de Bacharelato en Galicia.

Os currículos mencionados establecen oito competencias. Para cada materia os novos currículos establecen unha serie de obxectivos , entendidos como o desempeño que alumnado debe poder desprezar en actividades ou situacións que para a súa abordaxe requiren de aprendizaxes asociados a contidos de cada materia . Estes obxectivos constitúen un elemento de conexión entre o perfil de saída do alumnado por unha banda , e os criterios de avaliación e contidos das materias pola outra, na etapa da ESO; mentres que no BAC , os obxectivos constitúen un elemento de conexión entre as competencias por unha banda e os criterios de avaliación e contidos pola outra.

No relativo á ESO , o perfil de saída identifica e fixa as competencias clave que o alumnado debe adquirir e desenvolver ó finalizar a educación básica .

O perfil de saída é o aspecto novidoso da ESO con respecto a leis anteriores , pero que non se establece no Bacharelato . En ambos casos se confire importancia ás competencias clave, entendidas como os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar o seus retos e desafíos globais e xerais .

Os currículos establecen orientacións pedagóxicas , entendidas como indicacións para orientar ó profesorado no deseño e planificación das estratexias , procedementos e accións docentes de maneira consciente e reflexiva , coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permitan o logro dos obxectivos e adquisición das competencias clave .

Na actualidade e coa vixencia da LOMLOE (Lei 3/2020, do 29 de decembro), a concreción curricular para os distintos bloques de materias nos cursos da ESO é a recollida no anexo II do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo da ESO en Galicia. Asemade, no bacharelato , a concreción curricular das materias é a recollida no anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo de Bacharelato en Galicia.

Os currículos mencionados establecen oito competencias. Para cada materia os novos currículos establecen unha serie de obxectivos , entendidos como o desempeño que alumnado debe poder desprezar en actividades ou situacións que para a súa abordaxe requiren de aprendizaxes asociados a contidos de cada materia . Estes obxectivos constitúen un elemento de conexión entre o perfil de saída do alumnado por unha banda , e os criterios de avaliación e contidos das materias pola outra, na etapa da ESO; mentres que no BAC , os obxectivos constitúen un elemento de conexión entre as competencias por unha banda e os criterios de avaliación e contidos pola outra.

No relativo á ESO , o perfil de saída identifica e fixa as competencias clave que o alumnado debe adquirir e desenvolver ó finalizar a educación básica .

O perfil de saída é o aspecto novidoso da ESO con respecto a leis anteriores , pero que non se establece no Bacharelato . En ambos casos se confire importancia ás competencias clave, entendidas como os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar o seus retos e desafíos globais e xerais .

Os currículos establecen orientacións pedagóxicas , entendidas como indicacións para orientar ó profesorado no deseño e planificación das estratexias , procedementos e accións docentes de maneira consciente e reflexiva , coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permitan o logro dos obxectivos e adquisición das competencias clave .

No relativo aos cursos impares e con motivo da coexistencia de leis ao atoparnos en transición cara a Lomloe (Lei 3/2020, do 29 de decembro), implántase dende este curso 22-23 o novo currículo. A concreción curricular para os distintos bloques de materias nos cursos de 1º e 3º da ESO, é a recollida no anexo II do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo da ESO en Galicia. Asemade, no curso de 1º de BAC, a concreción curricular das materias é a recollida no anexo II do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e currículo de Bacharelato en Galicia.

Os currículos de cursos impares establecen oito competencias, fronte ás sete dos cursos pares. Para cada materia os novos currículos establecen unha serie de obxectivos, entendidos como o desempeño que alumnado debe poder despregar en actividades ou situacións que para a súa abordaxe requiren de aprendizaxes asociados a contidos de cada materia. Estes obxectivos constitúen un elemento de conexión entre o perfil de saída do alumnado por unha banda, e os criterios de avaliación e contidos das materias pola outra, na etapa da ESO; mentres que no BAC, os obxectivos constitúen un elemento de conexión entre as competencias por unha banda e os criterios de avaliación e contidos pola outra.

No relativo á ESO, o perfil de saída identifica e fixa as competencias clave que o alumnado debe adquirir e desenvolver ó finalizar a educación básica.

O perfil de saída é o aspecto novidoso da ESO, pero que non se establece no Bacharelato. En ambos casos se confire importancia ás competencias clave, entendidas como os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar o seus retos e desafíos globais e xerais.

Os currículos de aplicación nos curso impares, establecen orientacións pedagóxicas, entendidas como indicacións para orientar ó profesorado no deseño e planificación das estratexias, procedementos e accións docentes de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permitan o logro dos obxectivos e adquisición das competencias clave.

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Os elementos transversais son tratados no artigo 18 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo na ESO en Galicia, e artigo 19 do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, que establece a ordenación e o currículo do Bacharelato en Galicia. Estes decretos indican como elementos transversais os seguintes:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade, que se traballarán en todas as materias.
2. Fomentarase de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
3. A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

4. Evitaranse comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero. A linguaxe será libre de prexuízos e estereotipos sexistas.

5. A consellería fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de actitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza en un mesmo e o sentido crítico.

Neste curso 2024-25, seguindo o Plan redactado polo equipo de dinamización da biblioteca, todos os departamentos didácticos do IES Marco do Camballón traballarán, desde as distintas áreas de aprendizaxe, o seguinte tema transversal:

Este curso o proxecto chámase Os Coidados . Que se desenvolverán en tres vertentes Os coidados de nós mesmos , no 1º trimestre. Os coidados dos demais no segundo trimestre e O coidado do medio ambiente no terceiro trimestre .

Algunhas das actividades que se van a desenvolver :

- Préstamo de libros , actualización do blog
- Renovación do proxecto lector .
- Difusión de actividades realizadas pola Biblioteca
- Formación do voluntariado .
- Club de lectura e da radio , en contacto con centros da contorna
- Roteiros literarios
- Difusión de contidos polo blog, Instagram, Facebook.

Ademais, outros proxectos e iniciativas do centro nos que se traballan os temas transversais serían os seguintes:

- Plan de Acción Tutorial
- Club de Lectura
- Plan Proxecta-Parlamento Xove
- Contratos Programa , pendente da convocatoria

#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

A Comisión Europea da Educación estableceu unhas competencias clave ou destrezas básicas necesarias para a aprendizaxe das persoas ao longo da vida e animou aos estados membros a dirixir as súas políticas educativas nesta dirección. Defínese a competencia clave ou básica como a capacidade de responder ás demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas da forma adecuada. Supón unha combinación das habilidades prácticas, coñecementos, motivacións, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais que actúen conxuntamente para o logro dunha acción eficaz. As competencias claves son aquelas nas que se sustentan a realización persoal, a inclusión social, a cidadanía activa e o emprego.

Faise necesario xerar a convicción de que o sistema educativo recompensa de xeito transparente e equitativo o rendemento que se logre nos obxectivos educativos e que reconece especialmente a súa contribución á mellora do contorno. O decreto 156/2022 do 15 de setembro , polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, sinala no seu artigo 17 que os principios pedagóxicos , que o noso centro debe tomar como seus, serán os seguintes:

· Na educación secundaria obrigatoria os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e poñerá especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

· A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das materias ou dos ámbitos.

· Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a

reflexión e a responsabilidade. Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

- A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centros docentes organizarán a práctica docente de todas as materias, de xeito que se garanta nesta a incorporación dun tempo de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular.

- Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

- As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, daráselles prioridade á comprensión, á expresión e á interacción oral.

Pola súa banda o Decreto 157/2022 do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e currículo do Bacharelato en Galicia, establece no seu artigo 18, os seguintes principios pedagóxicos:

- No bacharelato, os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e favorecerán a súa capacidade para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promoverlo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

- A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas. Así mesmo, a acción educativa favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das materias.

- As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

- A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.

Co fin de fomentar e estimular as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e de se expresar correctamente en público, os centros docentes organizarán a práctica docente de xeito que o profesorado nas distintas materias as poida incorporar nos termos recollidos na súa concreción curricular.

- Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

- As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, priorizaranse a comprensión, a expresión e a interacción oral.

Nos Decretos, citados con anterioridade, a agrupación por bloques dos criterios de avaliación e dos contidos de cada materia non supón unha secuencia establecida nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis adecuada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnado a que van dirixidas.

En calquera caso, nestes establécese que os centros, no marco da súa autonomía, impulsarán e desenvolverán os principios, obxectivos e a metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio da cidadanía activa.

Todas as competencias citadas anteriormente buscan o seguinte:

1. A metodoloxía será activa e participativa xa que entendemos a aprendizaxe como un proceso persoal e de interacción social que os alumnos e alumnas constrúen en función das relacións comunicativas que se organizan no

contexto do centro e aula. Neste contexto fomentárase a creación dun clima e ambiente que permita relacións informativas e formativas que xeren, en definitiva, un contexto estimulante cara á aprendizaxe e a cultura mediante a creación de vínculos positivos. En concreto, unha metodoloxía baseada na integración do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. En consecuencia, favorecerase a participación do alumnado na dinámica xeral da clase, procurando a implantación de actividades que fomenten o traballo en grupo e propicien o deseño e desenvolvemento do proceso de ensino/aprendizaxe.

2. Os principios básicos da aprendizaxe aos que nos imos a cinguir son:

A coherencia, na medida do posible, de todas as materias. A adaptación que cada profesor/a deberá facer en función das características do grupo e que completará coas contribucións da experiencia docente diaria. O profesorado adoptará o papel de guía do proceso de ensino-aprendizaxe.

Tipos de aprendizaxe que se utilizarán:

- Aprendizaxe por facilitación (consistirá en proporcionar dun xeito ordenado os contidos relevantes) e aprendizaxe por descubrimento (dispoñer as condicións e os materiais máis idóneos para que o alumnado, asumindo unha actitude máis autónoma, adquira o seu propio coñecemento).
- Practicar ou aplicar os coñecementos sempre que sexa viable, posto que isto supón unha das mellores formas de consolidar as aprendizaxes.
- Facer explícita a utilidade dos contidos que se imparten en dous sentidos (para aumentar a motivación): a súa utilidade nos aspectos académicos e o seu uso no desenvolvemento no ambiente cotián.
- Propoñer algunhas tarefas como un desafío, como unha meta con certo grao de dificultade pero asequible ao mesmo tempo, aumentará o interese nos adolescentes e contribuirá a incrementar o grao de autonomía e a consideración positiva cara ao esforzo.

O traballo en grupo:

- Pode facilitar o intercambio de experiencias e a cooperación entre o alumnado.
- É non só un medio senón un fin en si mesmo nunha sociedade que aposta cada vez máis por este procedemento.
- Non pode nin debe aplicarse sen a debida reflexión.
- Seleccionar previa e coidadosamente a actividade e o momento máis adecuado para desenvolvela.
- Definir claramente os obxectivos que se pretenden e o procedemento para levala a cabo.
- Establecer de xeito flexible a composición dos grupos.
- Explicitar como e cando finalizará a tarefa.

A título orientativo, podemos establecer unha clasificación das actividades, segundo a seguinte tipoloxía:

- Actividades de introdución-motivación, que teñen a finalidade de introducir ao alumnado nun obxecto de estudo determinado.
- Actividades de coñecementos previos, orientadas a coñecer as ideas, opinións e intereses do alumnado sobre os contidos que se van desenvolver.
- Actividades de desenvolvemento, que permitirán a aprendizaxe de conceptos, procedementos, actitudes e a comunicación aos demais da tarefa realizada.
- Actividades de consolidación, que serven para contrastar as novas ideas coas ideas previas do alumnado.
- Actividades de recuperación, orientadas a atender a aquel alumnado que non conseguiu as aprendizaxes previstas.
- Actividades de ampliación, que permiten construír novos coñecementos ao alumnado que realizou de forma satisfactoria as actividades establecidas.

3. Partiremos das necesidades, demandas, expectativas e intereses do alumnado.

4. Perseguiamos a funcionalidade das aprendizaxes partindo dunha estreita relación co contorno mediante visitas, saídas ou traballos de campo, coa idea de resolver problemas, satisfacer inquietudes, realizar investigacións que permitan comprender a realidade ou novos fenómenos. Esta perspectiva funcionalista da aprendizaxe logrará captar a atención e a motivación do alumnado ao favorecer que utilice o aprendido en circunstancias da vida real, en situacións prácticas ou utilizándoo como instrumento para lograr novas aprendizaxes.

5. Esta concepción construtivista da aprendizaxe permítenos expor a necesidade de enfoques interdisciplinares na abordaxe das actividades ou propostas de traballo, nas que o alumnado se converte en protagonista do seu propio proceso de aprendizaxe.

6. Igualmente, favoreceremos e partiremos do traballo intelectual activo mediante o uso das técnicas de traballo e estudo que favorezan a comprensión e a memorización.

7. Finalmente, debemos dicir que con esta formulación pretendemos a motivación adecuada do alumnado a fin de conseguir unha redución do fracaso escolar.

8. Por outra banda, resta indicar que, tendo como marco estes principios metodolóxicos xerais, cada un dos departamentos didácticos abordará de modo específico as súas propias estratexias metodolóxicas.



## ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A atención á diversidade constitúe un reto necesario de resposta de educación de calidade de todo centro escolar. Concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

Este obxectivo só é alcanzable para a comunidade educativa do IES “Marco do Camballón“ se a aula ordinaria se converte nun referente básico e o titor/a no eixe principal da resposta educativa á diversidade e, singularmente, aos alumnos con necesidades especiais. A responsabilidade non debe desprazarse do titor/a aos distintos profesionais, polo contrario, estes deben colaborar con el, de acordo coa proposta curricular, nun auténtico traballo interdisciplinar e de equipo. Os recursos precisos para esta acción educativa deben asegurar, no posible, a atención singular ao alumnado que precise deles. Preténdese que o centro responda diferencialmente á diversidade presente nas aulas.

O reto permanente consiste precisamente en ser quen de ofrecer a cada alumno e alumna a axuda pedagóxica que precise, axustando a intervención educativa á súa individualidade como persoa.

A realidade educativa actual é complexa, variable e acolle, como estamos vendo ata aquí, a un alumnado igualmente diverso. A atención á diversidade no noso centro parte dos seguintes principios:

1. As diferenzas individuais no proceso de aprendizaxe constitúen un aspecto da condición humana. A diversidade é, polo tanto, unha característica de todos os alumnos/as e non só duns poucos.
2. Todo o alumnado necesita axudas psicopedagóxicas ao longo da súa escolarización, ben sexan de tipo persoal, técnico ou material, co obxecto de conseguir os fins da educación. Polo tanto, o factor que marca as diferenzas fai referencia ao tipo e grao de axudas precisas.
3. As necesidades educativas do alumnado preséntanse sempre asociadas ás condicións persoais e particulares froito dunha interacción entre o individuo e seu contorno físico-social- cultural.

A lexislación vixente destaca a importancia da atención á diversidade, así como dunha detección temperá das necesidades e adopción de medidas pertinentes da forma máis temperá posible. Nesta dirección enmárcase a LOMLOE (2020) e os decretos actualmente vixentes para regulación e ordenación dos currículos (Decreto 156/2022 e Decreto 157/2022).

Asemade, o decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade recolle que esta significa proporcionar unha educación de calidade a todo o alumnado, adaptada ás súas necesidades, para que acade ou máximo desenvolvemento posible de todas as súas capacidades, aplicando, ao mesmo tempo, o principio de atención á diversidade e garantindo unha igualdade efectiva de oportunidades.

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, atraso madurativo, trastornos da linguaxe e comunicación, trastornos da aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por descoñecemento grave da lingua, vulnerabilidade socio-educativa, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerese polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo.

A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizaranse do xeito máis temperán posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

### Ámbito de intervención educativa

Todo alumno ou alumna que se atopa no tramo educativo obrigatorio ten dereito a recibir un ensino adaptado que lle permita progresar en función das súas capacidades e conforme ás súas necesidades, sexan ou non especiais.

A intervención educativa basearase en principios como:

- Atención pedagóxica individualizada
- Partir do nivel de desenvolvemento do alumno/a
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas
- Capacidade de creación e modificación de estruturas mentais
- Capacidade de aprender a aprender. Educación permanente
- Actividade creativa e intelectual.

### Principios xerais de actuación

1. A atención á diversidade rexeráse polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
2. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.
3. Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos terase en conta a atención á diversidade.
4. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.
5. Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
6. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
7. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado maior de idade que o autorice por escrito e do alumnado menor de idade recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.
8. A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora continuada da calidade educativa.

#### Medidas ordinarias

Consideramos medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia

curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación
- e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia
- f) Desdobramentos de grupos
- g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria
- h) Programas de enriquecemento curricular
- i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas
- j) Programas de recuperación materias suspensas
- k) Programas específicos personalizados
- l) Programas de habilidades sociais.

#### Medidas extraordinarias

Consideramos medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

- a) Adaptacións curriculares
- b) Agrupamentos flexibles
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización
- e) PDC. Programas de Diversificación Curricular (3º e 4º ESO)
- f) FP Básica
- g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia



continuada a un centro educativo

h) Grupos de adquisición das linguas

i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

Plan Xeral de Atención á Diversidade

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo deseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado. Correspóndelle a súa elaboración ao Departamento de Orientación.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade será aprobado polo Consello Escolar, por proposta do claustro do profesorado, e pasará a formar parte do proxecto educativo.

Promoción da escolarización e da formación

Na promoción da escolarización e na busca permanente da mellora educativa e do éxito escolar, o IES Marco do Camballón terá como prioridades:

1. Asegurar a permanencia do alumnado no sistema educativo durante, cando menos, as etapas obrigatorias.
2. Promover o deseño e a aplicación de programas específicos de atención á diversidade para aquel alumnado que presente dificultades de inserción e/ou adaptación escolar, coa finalidade de favorecer a súa integración no centro e promover a adquisición dos obxectivos e das competencias da etapa mediante unha metodoloxía adaptada ás súas necesidades e intereses.
3. Adoptar as medidas oportunas para posibilitar a atención educativa ao alumnado que, por razóns de saúde ou por decisión xudicial, non poida asistir con regularidade a un centro educativo.

Absentismo, abandono escolar temperán e desescolarización

Para os efectos entenderase por:

1. Absentismo: ausencia ao centro escolar e sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. Esta ausencia ao centro suporá, cando menos, un dez por cento (10%) do horario lectivo mensual.
2. Abandono escolar temperán: situación daquel alumnado que, podendo seguir escolarizado por idade, abandona o sistema educativo sen a obtención da titulación correspondente.
3. Desescolarización: situación en que persoas en idade de escolarización obrigatoria non se atopan matriculadas en ningún centro educativo.

Prevención, seguimento e control

O IES Marco do Camballón establecerá nas súas normas de organización e funcionamento os procedementos para a aplicación dos citados protocolos, e recollerá, como mínimo, as seguintes actuacións ante situacións de desescolarización, absentismo e/ou abandono escolar temperán:

- a) Control e rexistro das incidencias na asistencia do alumnado aos centros escolares.
- b) Información as nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado maior de idade que o autorice por escrito e do alumnado menor de idade, ademais de intervención ante a detección de casos.

Atención educativa hospitalaria e domiciliaria

A atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria terán por finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinanzas de ESO, Bacharelato, Ciclos Medios ou FP básica no IES e que, por prescrición facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo.

Será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:

- Longa hospitalización: máis de trinta días
- Media hospitalización: entre quince e trinta días
- Curta hospitalización: menos de quince días

O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co instituto, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar

O centro prestará atención especial á inclusión e normalización do dito alumnado, mediante o traballo de titoría e orientación. Informando a servizos sociais, inspección ou outros organismos do seu desenvolvemento persoal e académico.

#### Alumnado procedente do estranxeiro

Será destinatario desta atención aquel alumnado que, procedendo do estranxeiro, acceda ao centro para estudar a ESO, bacharelato, Ciclos Medios ou FP básica e presente as seguintes características:

- Descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia
- Desfase curricular significativo
- Graves dificultades de adaptación.

De acordo coa lexislación vixente aplicaráselle medidas de atención á diversidade correspondentes a unha avaliación inicial, tan pronto chegue, e logo a posibilidade de ir a un Grupo de Adquisición de Linguas ou de Adaptación da Competencia Curricular, se fose preciso.

#### Departamento de Orientación

- As propostas educativas para atender a diversidade basearanse en principios inclusivos, integradores e non discriminatorios.
- Todo o persoal do centro educativo considerará no seu labor a diversidade do alumnado, adaptando todas as súas actuacións e a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo das rapazas e dos rapaces, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.
- Os centros deseñarán, a través do departamento de orientación, accións e recursos encamiñados á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe. Así mesmo, facilitarase a coordinación de cantos axentes interveñan na atención deste alumnado.
- O Departamento de Orientación informará, coordinará e, de ser o caso, participará no deseño e desenvolvemento das medidas ordinarias e extraordinarias.

#### CRITERIOS XERAIS PARA AGRUPAMENTOS DO ALUMNADO.

Partimos do principio de que o agrupamento do alumnado será mixto e flexible, deberá favorecer a coeducación e a aprendizaxe cooperativa e evitar calquera tipo de discriminación por razón de raza, sexo, relixión, lingua ou capacidade intelectual. Para a formación de grupos teranse en conta, fundamentalmente, criterios pedagóxicos, pero tamén será necesario considerar criterios organizativos (espazos e medios materiais do centro e dispoñibilidade horaria do profesorado).

A ratio establecida pola lexislación vixente é de 30 alumnos/as para a ESO e 33 para bacharelato, segundo o capítulo I, art. 2 da Orde do 21 de outubro de 2022, (DOG do 8 de novembro).

Deseguido concréntanse os criterios e procedementos que se van aplicar.

#### 1. FORMACIÓN DE GRUPOS

##### 1.1 Criterios 1.1a) ESO

Para a ESO establécense os seguintes criterios:

Os grupos do mesmo nivel terán ratios similares, pero proporase que sexa menor naqueles en que se escolarice alumnado con Necesidades Educativas Especiais, reducíndose nun alumno/a por cada un con NEE.

- O alumnado de cada un dos seguintes apartados ordenarase alfabeticamente e distribuirase alternativamente e de xeito equitativo nos grupos existentes:
  - que se incorpore a 1º de ESO despois de repetir en Primaria e/ou promocióne con avaliación negativa nalgunha materia.
  - que se incorpore a outro curso de ESO con avaliación negativa nalgunha materia de cursos de ESO anteriores.
  - que vaia a Reforzo (1º e 2º de ESO) ou que teña NEE.
  - que repita curso.
  - que promocionou por imperativo legal.
  - que promocionou con avaliación positiva en todas as materias.
  - que presentara problemas de conduta.
- O alumnado das seccións bilingües non deberá estar todo xunto no mesmo grupo.
- Co fin de evitar que o alumnado con materias pendentes para setembro se vexa obrigado a cursar optativas que non se corresponden co seu perfil académico, procederase do seguinte xeito:
  - ¿ facer unha pre-matricula en xuño con todos os que teñan ata dúas materias pendentes.
  - ¿ deixar abertas ata setembro as optativas que contén con catro alumnos/as en xuño.
- Se se detectan problemas de convivencia entre alumnado do mesmo nivel evitarase que coincidan no mesmo grupo.
- No caso de que da aplicación dos criterios anteriores se derive un desequilibrio manifesto entre a distribución de homes e mulleres, poderase reaxustar algún criterio para solucionalo.

##### 1.1 b) BACHARELATO

Para o bacharelato establécense os seguintes criterios:

- A confección de grupos estará condicionada pola modalidade de bacharelato e polas materias elixidas polo

alumnado.

2. Co fin de evitar que o alumnado con materias pendentes para setembro se vexa obrigado a cursar optativas que non se corresponden co seu perfil académico, procederase do seguinte xeito:

- ¿ facer unha pre-matrícula en xuño con todos os que teñan ata dúas materias pendentes.
- ¿ deixar abertas ata setembro as optativas que contén con catro alumnos/as en xuño.

1.2 Documentación que se vai utilizar e responsables

Para trasladar á práctica os criterios anteriores procederase do seguinte xeito:

1. Para 1º de ESO: información dos centros de Educación Primaria. Durante o curso anterior á incorporación, o Departamento de Orientación realizará unha primeira toma de contacto cos titores/as dos centros adscritos e máis cos seus departamentos de orientación para coñecer as características xerais dos grupos e recoller a información relevante. Proporcionaralle esta información á Xefatura de estudos ao final de curso para que poida comezar a confeccionar os grupos. Tamén se empregará o boletín de notas, do que se solicitará copia co sobre de matrícula.

2. Para todos os grupos:

a. Informe das avaliacións finais e extraordinarias de xuño que conteña os acordos e observacións do Equipo docente de cada grupo (ver modelo no ANEXO). Será cuberto polo titor/a en coordinación co Departamento de Orientación e o Equipo directivo. Asinarase xunto coas actas oficiais de avaliación. No curso seguinte deberáselle entregar unha copia á titora ou titor que corresponda.

b. Documentos de matrícula e pre-matrícula

2. DESDOBRAMENTOS 2a) Criterios para a ESO

Sempre que exista dispoñibilidade horaria e a organización xeral do centro o permita, desdobaranse:

- os grupos de 18 ou máis alumnos/as nas linguas estranxeiras
- os grupos de 22 ou máis alumnos/as nas materias instrumentais
- os grupos de 20 ou máis alumnos/as en RIOV (2º ESO) e TIC (4º ESO)
- os grupos de 24 ou máis alumnos/as en calquera outra materia.

Para a distribución do alumnado en cada subgrupo desdoblado aplicaranse tamén os criterios expostos no punto 1.

2b) Criterios para BACHARELATO

Sempre que exista dispoñibilidade horaria e a organización xeral do centro o permita, desdobaranse:

- os grupos de máis de 20 alumnos/as nas linguas estranxeiras
- os grupos de máis de 24 alumnos/as nas linguas
- os grupos de máis de 20 alumnos/as en TIC I e TIC II.

IMPOSIBILIDADE DE APLICAR ALGÚN CRITERIO

A aplicación dos criterios anteriores correspóndelle ao Equipo directivo, que contará coa axuda do Departamento de Orientación. Ademais, se o considerase oportuno, poderá solicitar a colaboración dalgún outro membro do claustro.

Se non se puidese aplicar algún dos criterios, o Equipo directivo explicarlle ao claustro as decisións que adoptou na reunión de asignación de grupos e materias aos departamentos que se realiza a comezos de setembro.

APROBACIÓN, AVALIACIÓN E REVISIÓN DOS CRITERIOS

Estes criterios deberán ser aprobados pola CCP e polo claustro.

Ao final de cada curso realizarase unha avaliación da súa posta en práctica e efectuaranse as revisións/modificacións que se consideren oportunas de cara ao curso seguinte.

## **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

LIBROS DE TEXTO 1º ESO

MATERIAS NAS QUE SE EMPREGA LIBRO DE TEXTO

Bioloxía e Xeoloxía

BIOLOXÍA/XEOLOXÍA. Ed. Mc Graw Hill

ISBN: 9788448624118

Idioma: galego

Xeografía e Historia  
XEOGRAFÍA E HISTORIA 1. Comunidade en rede.  
Ed. Vicens-Vives  
ISBN: 9788468273266  
Idioma: galego

Lingua Galega  
Lingua galega e literatura 1 : Operación Mundo  
Grupo Anaya  
ISBN 978-84-143-0512-6

Inglés  
On Track 1 Student´s Book with Digital Student´s Book  
ISBN: 9780194859967  
On Track 1 Workbook & Essential Workbook with Digital Workbook +ALK + Go Pangea (Monolingual)  
ISBN: 9780194860048

Francés  
Transit 1 Livre de l´élève 2022 Santillana Français  
ISBN: 978-849049448-6  
Transit 1 cahier d,exercices 2022 Santillana Français)  
ISBN: 978-84-9049-449-3

Portugués  
Na onda do portugués 2. Lidel  
ISBN: 9789727578238

MATERIAS NAS QUE NON SE PRECISA LIBRO DE TEXTO  
Lingua Castelá e Literatura  
Tecnoloxía e Dixitalización  
Matemáticas  
Relixión  
Educación Física  
Proxecto competencial  
Educación Plástica, Visual e Audiovisual  
Titoría

LIBROS DE TEXTO 2º ESO

MATERIAS NAS QUE SE EMPREGA LIBRO DE TEXTO

Inglés  
On Track 2 Student´s Book with Digital Student´s Book  
ISBN: 9780194860239  
On Track 2 Workbook & Essential Workbook with Digital Workbook + ALK + Go Pangea (Monolingual)  
ISBN: 9780194860307

Xeografía e Historia  
Comunidade en rede .Un tomo. Editorial Vicens-Vives  
ISBN: 978-84-682-8793-5  
Idioma: galego

Lingua Galega  
Lingua e literatura galega 2. Operación Mundo  
Grupo Anaya  
ISBN: : 978-84-143-2479-0

Francés  
Transit 2 Livre de l´élève Santillna Français

ISBN: 978-84-9049-450-9T  
Transit 2 cahier d, exercices Santillana Français  
ISBN : 978-84-9049451-6

#### MATERIAS NAS QUE NON SE PRECISA LIBRO DE TEXTO

Lingua Castelá e Literatura  
Tecnoloxía e Dixitilación  
Matemáticas  
Educación Física  
Música  
Titoría  
Proxecto competencial  
Relixión

#### LIBROS DE TEXTO 3º ESO

##### MATERIAS NAS QUE SE EMPREGA LIBRO DE TEXTO

Bioloxía e Xeoloxía  
BIOLOXÍA/XEOLOXÍA. Ed. Mc Graw Hill ISBN: 9788448624132  
Idioma: galego

Xeografía e Historia  
Xeografía e Historia. Comunidade en rede 3  
Ed. Vicens-Vives  
ISBN: 9788468285078  
Idioma: galego

##### Inglés

On Track 3 Student´s Book with Digital Student´s Book  
ISBN: 9780194860437  
On Track 3 Workbook & Essential Workbook with Digital Workbook + ALK + Go Pangea (monolingual)  
ISBN: 9780194860512

##### Francés

Transit 3 Livre de l´élève 2022 Santillana Français  
ISBN: 978-84-9049-452-3  
Transit 3 Cahier d,exercices Santillana Français)  
ISBN Cahier: 978-84-9049-453-0

##### Lingua Galega e Literatura

Lingua e literatura galega 3º ESO. Consorcio Editorial Galego. Edicións Bahía  
ISBN: 978-84-9995-168-3

##### Portugués

Na onda do portugués 2. Lidel ISBN: 978-972-758238

##### MATERIAS NAS QUE NON SE PRECISA LIBRO DE TEXTO

Lingua Castelá e Literatura  
Matemáticas  
Cultura Clásica  
Educación Física  
Educación Plástica, Visual e Audiovisual  
Educación en valores cívicos e éticos  
Música  
Cultura financeira-Libro online CNMV , Banco de España del Ministerio de Economía -Finanzas para todos.  
Oratoria  
Relixión  
Proxecto competencial  
Titoría

LIBROS DE TEXTO 4º ESO

MATERIAS NAS QUE SE EMPREGA LIBRO DE TEXTO

Inglés

On Track 4 Student´s Book with Digital Student´s Book

ISBN: 9780194860659

On Track 4 Workbook & Essential Workbook with Digital Workbook + ALK + Go Pangea (Monolingual)

ISBN: 9780194860727

Bioloxía e Xeoloxía

Bioloxía e Xeoloxía. Ed. Anaya ISBN: 9788414325797

Idioma: galego

Xeografía e Historia

Vicens-Vives-Comunidade en rede Un Tomo

ISBN: 978-84-682-9519-0

Idioma: galego

Lingua Galega e Literatura

Lingua galega e literatura. Consorcio editorial galego. Edicións Bahía

ISBN: 978-84-9995-195-9

Francés

Transit 4 Livre de l´élève 2023 Santillana Français

ISBN: 978-84-9049-816-3

Transit 4 Cahier d´exercices 2023 Santillana Français

ISBN: 978-84-9049-818-7

MATERIAS NAS QUE NON SE PRECISA LIBRO DE TEXTO

Lingua Castelá e Literatura

Educación Física

Matemáticas

Intelixencia artificial

Economía e emprendemento-Editorial Edebé , libro online

Expresión artística

Formación e orientación persoal e profesional-Netex Knowledge Factory S.A,

Tecnoloxía

Relixión

Proxecto competencial

Titoría

LIBROS DE TEXTO 1º BAC

MATERIAS NAS QUE SE EMPREGA LIBRO DE TEXTO

Lengua Castellana y Literatura

Lengua y Literatura Operación Mundo

Editorial Anaya

ISBN: 978-84-143-1102-8

Historia do mundo contemporáneo

1 BAC. Xeografía e Historia. Comunidade en rede.

Ed. Vicens-Vives

ISBN: 9788468287690

Idioma: galego

Inglés I

Key to Bachillerato 1 2<sup>nd</sup> Student´s Book

ISBN: 9780190551605

Key to Bachillerato 1 2<sup>nd</sup> Edition Support & Exent pack

ISBN: 9780194832243

Lingua Galega e Literatura  
Lingua e literatura galega 1º Bacharelato. Consorcio editorial galego. Edicións Bahía  
ISBN: 978-84-9995-400-4

Economía  
Anxo Penalonga Sweers .Editorial McGraw-Hill. ISBN : 978-84-486-2744-7

#### MATERIAS NAS QUE NON SE PRECISA LIBRO DE TEXTO

Filosofía  
Latín I  
Debuxo Técnico I  
Grego I  
Matemáticas I  
Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I  
Bioloxía, xeoloxía e ciencias ambientais  
Cultura científica  
Educación Física  
Literatura Universal  
Tecnoloxía e Enxeñaría I  
Relixión  
LIBROS DE TEXTO 2º BAC

#### MATERIAS NAS QUE SE EMPREGA LIBRO DE TEXTO

Inglés II  
Key to Bachillerato 2 2<sup>nd</sup> Student´s Book  
ISBN libro: 9780190551612  
Key to Bachillertao 2 2<sup>nd</sup> Edition Support & Exent pack  
ISBN: 9780194832366

Historia de España  
Comunidade en rede.  
Vicens-Vives - 1 tomo  
ISBN: 978-84-682-9558-9  
Idioma: galego

Xeografía  
Xeografía de España  
Anaya 1 tomo  
ISBN: 978-84-143-1597-2  
Idioma en Galego

Empresa e deseño de modelos de negocio  
Josep Alfaro, Monteserrat Pina , Clara González. Editorial McGraw-Hill. ISBN : 978-84-486-3772-9

Francés  
Partage A2-B1 Livre de l´élève + Cahier d´exercices 2023 Santillana Français  
ISBN: 978 8490498231  
(Inclúe libro de texto e caderno nun único formato)

#### MATERIAS NAS QUE NON SE PRECISA LIBRO DE TEXTO

Lingua Galega e Literatura II  
Latín II  
Lingua Castelá e Literatura II  
Historia da filosofía  
Debuxo Técnico II  
Bioloxía  
Matemáticas II



Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II  
Xeografía, historia, arte e patrimonio de Galicia  
Historia da arte  
Grego II  
Psicoloxía  
Relixión  
LIBROS DE TEXTO 2º FP Básica  
MÓDULOS NOS QUE SE EMPREGA LIBRO DE TEXTO

Comunicación e Sociedade II  
LENGUA CASTELLANA 2023  
Ed. Santillana  
ISBN: 978-84-680-5897-9

CUADERNO LENGUA CASTELLANA 2023  
Ed. Santillana  
ISBN: 978-84-680-5899-3

CIENCIAS SOCIALES 2023  
Ed. Santillana  
ISBN: 978-84-680-7780-2

## **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

ESO:

1º ESO

Materias comúns: Bioloxía e Xeoloxía, Educación Física, Educación Plástica Visual e Audiovisual, Inglés, Lingua castelá e literatura, Lingua galega e literatura, Matemáticas, Tecnoloxía e dixitalización, Xeografía e Historia  
Elixir unha: Relixión ou Proxecto competencial  
Elixir unha: Segunda lingua estranxeira Francés ou Segunda lingua estranxeira Portugués

2º ESO

Materias comúns: Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, Inglés, Matemáticas, Física e Química, Xeografía e Historia, Educación Física, Música, Tecnoloxía e Dixitalización  
Elixir unha: Relixión ou Proxecto competencial  
Elixir unha: Segunda lingua estranxeira Francés ou Segunda lingua estranxeira Portugués

3º ESO

Materias comúns: Bioloxía e Xeoloxía, Educación física, Educación plástica visual e audiovisual, Educación en valores cívicos e éticos, Física e Química, Inglés, Lingua castelá e literatura, Lingua galega e literatura, Matemáticas, Música e Xeografía e historia.  
Elixir unha: Relixión ou Proxecto competencial  
Optativa autonómica (elixir unha): Cultura clásica, Educación dixital, Francés, Oratoria, Portugués, Cultura Financieira.

4º ESO

Materias comúns: Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, Inglés, Xeografía e historia, Educación física, Relixión/Valores éticos

Eleir unha : Matemáticas A ou Matemáticas B

Materias de opción ,escoller 3 :Bioloxía e Xeoloxía , Economía emprendemento , Dixitalización, Expresión artística , Física e Química , FOPP ,Latín , Música , Tecnoloxía, 2º Lingua estranxeira ( Francés ou Portugués)

Materia optativa , escoller 1: Cultura Clásica , Filosofía , Oratoria, Intelixencia Artificial ou outra materia de opción non cursada.

Escoller 1 : Relixión ou Proxecto Competencial .

#### BACHARELATO

##### 1º BAC

Materias comúns: Lingua galega e literatura I, Lingua castelá e literatura I, Inglés I, Filosofía, Educación Física, Relixión/Disposición de centro

Modalidades e itinerarios

Modalidade Ciencia e Tecnoloxía : (escoller un itinerario entre os propostos):

Itinerario Ciencia e Tecnoloxía I: Matemáticas I, Física e química e Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais

Itinerario Ciencia e Tecnoloxía II: Matemáticas I, Física e química e Debuxo Técnico I

Modalidade Humanidades e Ciencias sociais (escoller un itinerario entre os propostos):

Itinerario Humanidades: Latín I, mais dúas materias a escoller entre (Grego I , Literatura universal, Economía e Historia do Mundo Contemporáneo )

Itinerario Ciencias sociais: Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I, mais dúas materias a escoller entre ( Economía, Hª do mundo contemporáneo, Grego I e Literatura Universal )

Optativas autonómicas (escoller unha): materia de modalidade non cursada, Anatomía aplicada, Antropoloxía, Cultura científica, Literatura galega do século XX e a actualidade, 2ª Lingua estranxeira Francés, TIC e Tecnoloxías Intelixentes .

##### 2º BAC

Materias comúns: Lingua galega e literatura II, Lingua castelá e literatura II, Inglés II, Historia de España e Historia da Filosofía , Relixión / Diaposición de Centro .

Modalidades e itinerarios

Modalidade Ciencia e Tecnoloxía (escoller un itinerario entre os propostos):

Itinerario Ciencia e Tecnoloxía I: Matemáticas II, Bioloxía e Química

Itinerario Ciencia e Tecnoloxía II: Matemáticas II, Física e Debuxo Técnico II

Itinerario Ciencia e Tecnoloxía III: Matemáticas II, Bioloxía , Xeoloxía e Ciencias Ambientais .

Modalidade Humanidades e Ciencias sociais (escoller un itinerario entre os propostos):

Itinerario Humanidades: Latín II, mais dúas materias a escoller entre ( Grego II , Historia da arte, Xeografía , Empresa e deseño de modelos de negocio )

Itinerario Ciencias sociais: Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II máis dúas materias a escoller entre : (Grego II, Hª da Arte, Xeografía, Empresa e deseño de modelos de negocio )

Materias optativas escoller 1 , entre a modalidade non cursada , Metodos estatísticos e numéricos , Psicoloxía , Francés II , TIC II, Xeografía Hª e Arte e Patrimonio de Galicia .

#### FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

1º Ciclo Básico Servizos Administrativos

2º Ciclo Básico Servizos Administrativos

#### FORMACIÓN PROFESIONAL GRADO MEDIO

1º CM Atención a persoas en situación de dependencia

2º CM Atención a persoas en situación de dependencia

1º CM Soldadura e Caldeiraría

2º CM Soldadura e Caldeiraría

## g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

O Equipo Directivo facilitará ao/á Vicedirector/a aqueles recursos humanos e materiais, que estean á súa disposición, para a realización de actividades.

O profesorado con horas complementarias de colaboración co Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares colaborará nas actividades organizadas por este departamento cando lle sexa solicitado polo/a Vicedirector/a e en coordinación coa Xefatura de Estudos.

Os membros da comunidade educativa poderán participar nas actividades do departamento solicitándoo ao/á Vicedirector/a e en coordinación coa Xefatura de Estudos

Criterios para a realización de actividades complementarias e extraescolares organizadas polo profesorado ou por un departamento

Considéranse complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballo de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

Considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais etc, se realizan fóra do horario lectivo. En ningún caso, o contido destas actividades pode ser igual ou similar ao dunha ensinanza oficial do currículo.

Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:

1. Aprobación do Consello Escolar.
2. Autorización escrita do propio alumno/a maior de idade ou dos pais/nais ou titores legais do alumno/a menor de idade.
3. Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada vinte alumnos. En calquera caso, o número mínimo de profesores e profesoras acompañantes será de dous.
4. O departamento ou profesor/a responsable de organizar a actividade será o encargado de buscar o profesorado acompañante. En todo caso, salvo causa extraordinaria, un dos acompañantes, polo menos, será dese departamento.
5. Os distintos departamentos procurarán organizar actividades conxuntas, sempre que sexa posible, para reducir custos. Tamén se poderá colaborar con outros centros para reducir custos.
6. As axudas económicas do profesorado que acompaña ao alumnado adaptaranse á normativa vixente, tendo en conta o establecido na Resolución do 24 de novembro de 2023, pola que se actualizan os importes das axudas de custo por razón do servizo en territorio nacional, para gastor por aloxamento e manutención e da indemnización por uso do vehículo particular para persoal empregado público da Xunta de Galicia.

Non obstante segundo acordo do Claustro 15 de Maio 2024, establécense as seguintes contías :

### CONCEPTO CONTÍA

Territorio estatal

Por manutención 40 €

Media manutención 20,00 €

Levando todo incluído 10,00 €

No extranxeiro

Por manutención 50,00 €

Media manutención 30,00 €

Levando todo incluído 18,00 €

Uso de vehículo particular 0,26 €/km

7. A organización e coordinación da excursión de fin de estudos (4º de ESO) é responsabilidade da Vicedirección e/ou titor/titores. O titor/a poderá delegar a organización noutro profesor que imparta clase no grupo.

8. As saídas organizadas para potenciar unha lingua estranxeira serán organizadas pola Vicedirección e polos departamentos correspondentes.

As actividades programadas e aprobadas con tempo suficiente, estarán expostas na sala do profesorado por trimestres.

O profesorado, cando organice unha actividade, entregará en Vicedirección o seguinte modelo cuberto.

SOLICITUDE DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

NOME DA ACTIVIDADE

\*ACT. EXTRAESCOLAR OU  
COMPLEMENTARIA  
GRUPOS DE ALUMNADO IMPLICADO  
Nº DE ALUMNOS/AS  
DATA DA ACTIVIDADE  
DURACIÓN DA ACTIVIDADE  
HORA DE SAÍDA - CHEGADA  
AUTOBÚS  
LUGAR  
CUSTO DA ACTIVIDADE  
DEPART. ORGANIZADORES  
RESPONSABLE DA ACTIVIDADE  
PROFESORADO ACOMPAÑANTE  
BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Aprobada a actividade, farase pública no taboleiro colocado ao efecto no corredor da sala do profesorado. Así mesmo, elaborárase unha lista do alumnado que participa na actividade.

Aspectos básicos de xestión das actividades complementarias e extraescolares Planificación

Os departamentos didácticos especificarán nas súas programacións anuais a relación das actividades complementarias previstas tendo presente as seguintes consideracións:

1. Co fin de facilitar a organización do curso desde a Vicedirección, farán constar nas programacións, ademais da identificación da actividade, as datas aproximadas de realización e os cursos implicados.
2. As únicas actividades que se poderán engadir ao longo do curso serán as de carácter extraordinario, isto é, aquelas que dependan de convocatorias publicadas durante o curso.
3. É conveniente buscar a coordinación entre departamentos para rendabilizar as actividades.

Os departamentos didácticos serán os encargados de planificar as súas actividades, é dicir, correrá ao seu cargo concertar as visitas coas institucións ou organismos correspondentes, o que inclúe a fixación de datas e horarios e a relación do alumnado implicado e do profesorado acompañante.

Nesta planificación, os departamentos terán en conta as seguintes cuestións:

1. Como norma xeral, para que unha actividade poida levarse a cabo debe estar implicado o 75 % do alumnado, aplicada esta porcentaxe de forma independente a cada unha das materias involucradas.

Nesta porcentaxe non se computarán os alumnos que por razóns disciplinarias non poidan asistir.

2. De maneira excepcional, esta porcentaxe non será de aplicación se a actividade é parte dun proxecto desenvolto no IES que implique a varios niveis.

3. Existe a posibilidade, previa petición ou non dos departamentos, de que a Dirección do centro poida vetar a participación nas actividades complementarias do alumnado con sancións disciplinarias.

Esta planificación comunicáraselle por escrito á Vicedirección como mínimo con dúas semanas de antelación á data de realización da actividade. Polo que a ela respecta, as súas responsabilidades serán a xestión do transporte, a xestión da recollida de achegas do alumnado e autorizacións e a comunicación pública da actividade nos taboleiros do profesorado, o que inclúe a elaboración das listas de asistentes etc.

Recollida de cartos e autorizacións:

1. Será responsabilidade da Vicedirección do centro.
2. A entrega das fotocopias ao alumnado do impreso de autorización para participar nestas actividades realizarase en canto sexa comunicada á Vicedirección a súa planificación por parte dos departamentos.
3. A entrega de cartos e autorizacións por parte do alumnado efectuarase no prazo sinalado no impreso da autorización. Serán os responsables da actividade os encargados de recoller os cartos ou xustificantes bancarios do ingreso e as autorizacións e entregalos ao/á Vicedirector/a ou ao/á Secretario/a.
4. Enténdese que, de non mediar causa xustificada e por escrito, os cartos entregados non serán devoltos ao alumnado no caso de que este decida non participar a posteriori na actividade.
5. A anulación da actividade implica a devolución dos cartos recadados.

Especificacións para o día da actividade

1. O alumnado que non participe nela permanecerá na aula co profesorado correspondente á hora lectiva (ou, na súa ausencia, co profesorado de garda).
2. Aquelas actividades desenvolvidas dentro do centro e que non supoñan desembolso económico serán obrigatorias para o alumnado ao que se dirixe. Neste caso, o alumnado será acompañado polo profesorado que nese momento teña clase co grupo e/ou polo profesor/a organizador/a de dita actividade.
3. En ningún caso se poderá impartir materia nova ao alumnado que quedou no centro en prexuízo do que participa na actividade.
4. É requirimento inescusable acudir puntualmente ás actividades; no caso de retrasos inxustificados, pérdese o

dereito á asistencia (e, consecuentemente, non existe posibilidade de reclamar a devolución dos cartos).

Despois da actividade

Tras a actividade, tanto o profesorado como unha representación do alumnado que participou nela realizarán unha valoración por escrito; esta valoración será entregada á Vicedirección co obxecto de elaborar a memoria do curso e a planificación do vindeiro.

Indicacións específicas para as actividades complementarias desenvolvidas no centro ou no ámbito do concello

1. O profesorado acompañante do alumnado será, en principio, o asignado polo departamento. No caso de actividades moi numerosas, o profesorado implicado será o que tivese clase co alumnado nas respectivas horas abranguidas pola actividade.

2. O profesorado de garda será responsable do alumnado que non participe na actividade.

Indicacións específicas para as actividades complementarias asociadas á celebración do magosto, Nadal, Entroido, Semana Santa e fin de curso

1. Estas datas poden ser obxecto de celebracións excepcionais organizadas tanto polo profesorado como polo alumnado.

2. Tanto o profesorado como o alumnado encargaranse de comunicar calquera previsión de actividades á Vicedirección do centro cunha semana de adianto á data correspondente, como mínimo.

3. O profesorado ten a obriga de cumprir co seu horario nas devanditas datas.

Indicacións específicas para a regulación das actividades complementarias

1. Como norma xeral, nos 15 días lectivos previos á data de cada avaliación non se poderán realizar actividades extraescolares ou complementarias que interfiran co horario lectivo, salvo que as probas da avaliación estean rematadas. De xeito excepcional e sempre consensuadas cos profesores/as das materias afectadas, poderíanse levar a cabo actividades propostas por entidades, procesos concursivos ou agrupacións culturais externos ao centro cunha data fixa e sen posibilidade de desenvolverse noutra data.

2. Establecerase un número máximo de horas por trimestre ou por curso para cada materia e grupo que se poderán ceder para actividades (15%). A Vicedirección e/ou profesor/a interesado levará conta das horas de cada materia que se ceden para cada actividade.

3. No caso de que se propoña unha actividade que conleve a superación do límite nunha ou varias materias, dita actividade poderá realizarse sempre e cando se acade un acordo co profesorado das materias afectadas para que dalgún xeito poida recuperar as horas cedidas, no caso de que así o solicitase.

4. Á hora de encaixar unha actividade no cupo horario respectarase a orde de solicitude, pero terán preferencia as solicitudes de departamentos que non teñan xa organizada outra actividade para ese grupo e trimestre e quedarán nunha lista de espera por se algunha actividade prevista non se puidera finalmente realizar.

5. As solicitudes deberán incluír as datas fixas. Se finalmente, polo motivo que sexa, unha actividade non se pode realizar na data prevista, poderá moverse a outra sempre e cando non haxa algunha outra actividade en lista de espera.

Indicacións específicas para a excursión de fin de curso (4º de ESO) Criterios de organización da viaxe de estudos

1. A viaxe de estudos é unha actividade proposta polo centro e organizada polo/s titor/es en coordinación co vicedirector. Estes analizarán a conveniencia ou non da súa organización vistas as circunstancias concurrentes en cada curso escolar.

2. Ten como obxectivos o enriquecemento cultural e a convivencia entre o alumnado, aproveitándose estas viaxes para visitar monumentos, museos, xardíns botánicos, parques naturais, industrias etc.

3. As datas de realización deberán marcarse coa suficiente antelación para planificar exames, exames de pendentes etc.

4. Por parte do/a responsable de Actividades Complementarias e Extraescolares, ofreceranse ao alumnado rutas alternativas que fomenten a máxima participación.

5. As datas de realización da viaxe estarán en función do lugar que se visite e da menor interrupción da actividade lectiva.

6. Poderán participar nestas actividades todos os/as alumnos/as, agás aqueles que fosen suspendidos deste dereito por decisión do/a Director/a ou o/a Xefe/a de Estudos, unha vez oídos o/a alumno/a e o/a titor/a.

Consideracións sobre o comportamento do alumnado na viaxe de estudos

1. Durante a viaxe o alumnado deberá cumprir con todo rigor o programa de actividades establecido, mantendo en todo momento un comportamento correcto e respectando aos seus compañeiros/as e profesores/as, así como ás persoas e costumes do lugar visitado.

2. O alumnado deberá respectar as seguintes prohibicións expresas: consumo de alcohol, consumo e distribución de calquera tipo de drogas. Tampouco se permitirá que provoque altercados ou escándalos e que non respecte o mobiliario e as instalacións dos lugares que se visitan.

3. O non cumprimento das normas anteriores terá as seguintes consecuencias:

¿ Expulsión inmediata da viaxe e regreso do/a alumno/a ao seu domicilio. O custo económico desta medida correrá a cargo do/a alumno/a.

¿ Apertura de expediente disciplinario.

O custo económico dos danos provocados polo mal uso das instalacións será aboado polo/a alumnado.

## **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

O centro, dentro dos contratos-programa, pendentes de convocatoria, no curso actual, vén desenvolvendo nos últimos anos un proxecto denominado ¿Plan de atención a pendentes¿, cuxos obxectivos son os seguintes:

1. Reducir os niveis de fracaso e abandono escolar prematuro provocados pola acumulación de materias pendentes.
2. Atender de xeito máis individualizado e adecuado o alumnado con materias pendentes, tratando de activar a súa motivación e o seu nivel de responsabilidade no propio proceso de aprendizaxe, ademais de axudalos a superar as súas dificultades para aprender, incidindo especialmente na adquisición de competencias básicas.
3. Impulsar o emprego de adaptacións, innovacións e recursos metodolóxicos que se axusten ás necesidades educativas deste alumnado en risco de abandono.
4. Impulsar o uso das plataformas de ensino virtual e o correo corporativo de centro entre o alumnado do plan, non só co obxectivo xeral de centro de promoción das novas tecnoloxías e da alfabetización dixital, senón tamén como medida para encarar baixas de alumnado, peche de aulas ou incluso de centro que se poida dar como consecuencia de pandemia, como ten acontecido no pasado recente.
5. Implicar ás familias no proceso de aprendizaxe e integración dos seus fillos e fillas no sistema educativo.

Durante o proceso de implantación deste Plan de atención a pendentes, a comisión de coordinación pedagóxica do centro aprobou os seguintes instrumentos e criterios de avaliación de pendentes, comúns a todos os departamentos didácticos:

### INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE PENDENTES 2024-25

#### a) Instrumentos de avaliación

##### 1. Tarefas semanais

¿ A xestión da entrega, recollida, corrección e avaliación das tarefas farase a través do CLASSROOM do dominio do centro:

1. Os departamentos implicados entregarán as tarefas ao coordinador ou por medio do CLASSROOM antes da data marcada no calendario.
2. A persoa coordinadora enviará as tarefas por mail ó alumnado e encargarse de que os alumnos accedan a elas.
3. O alumnado devolverá as tarefas resoltas ao coordinador ou ó Xefe de Departamento de forma física.
4. O coordinador entregará a cada Xefe de Departamento as tarefas correspondentes, para proceder á súa corrección e avaliación.

¿ O total de entregas previstas para todo o curso é de 12, seguindo o calendario fixado.

¿ Déixanse libres as semanas de exames das avaliacións ordinarias e mais as de exames específicos de pendentes de xaneiro.

¿ Para facilitar a coordinación e o seguimento do alumnado, as xefaturas de departamento recibirán un calendario de entregas.

¿ Correccións: o profesorado corruxirá as tarefas antes das datas fixadas no calendario.

##### 2. Exame/s

¿ Cada departamento indicará claramente se vai realizar dous exames (xaneiro e maio) ou só o oficial (obrigatorio) de maio.

¿ Os departamentos deberán:

¿ Explicar con claridade os contidos de cada exame (en consonancia coas tarefas que se vaian realizando).

¿ Establecer con claridade como computa cada exame na cualificación final.

¿ Comprobar que o alumnado entregou como mínimo 4 tarefas das 6 propostas antes de cada un dos exames ou 8 de 12 no caso dos departamentos que só fagan un exame. Se non cumpriu con este requisito mínimo, perdería o dereito a esta proba.

¿ Cando un alumno/a acade unha nota menor que 5 na cualificación global do plan de pendentes, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria na que se examinará de toda a materia.

¿ En calquera caso, os exames axustaranse sempre aos contidos mínimos establecidos nas respectivas programacións.

b) Criterios de cualificación do plan de pendentos:

1. Tarefas: 50% da cualificación global.

2. Exame/s parciais: 50% da cualificación global. Cada un dos departamentos que realice dous exames debe especificar o seu sistema de cómputo dentro deste 50%. Nota mínima do exame necesaria para poder facer media coa nota das tarefas: 3.25.

c) Criterios de cualificación da proba extraordinaria:

¿ Para o alumnado que presente un mínimo de oito tarefas das 12 propostas, os criterios de cualificación serán os mesmos que rexen para os exames parciais.

¿ Para o alumnado que NON presente un mínimo de oito tarefas das 12 propostas, a nota do exame será o 100% da cualificación global.

d) Cualificación na avaliación final:

A nota na avaliación final será a máis alta de entre estas dúas:

¿ A cualificación global do plan de pendentos

¿ A cualificación da proba extraordinaria.

### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

O alumnado que non promocióne de curso seguirá un plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. Cada profesor/a establecerá os reforzos necesarios para o alumnado que o necesite e deixará constancia na memoria final do departamento.

### **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

#### **I. DATAS DAS AVALIACIÓNS**

Avaliación Inicial 17/10/2024

Primeira Avaliación 17/12/2024

Segunda Avaliación

8/04/2025 ( ESO , 1º BAC , 1º FP Básica , 1º CMAPSD e 1º CMSOLCA )

6/03/2025 2º Bach

Pendente de determinar a data pola FCT ( 2º CMAPSD , 2º CMSOLCA, 2º FPB .

Terceira Avaliación / Ordinaria ;6/06/2023 (ESO, 1º BAC, 1º CMAPSD, 1º CMSOLCA)- Pendente concretar data 2º BAC ( Pendente abau)

Avaliación Ordinaria/ Final :

9/06/25 CMAPSD, CMSOLCA , 1º FPB

23/06/2025 ( ESO, 2º FPB )

Avaliación Extraordinaria 23/06/2025 ( BAC e 1º FPB, CMAPSD, CMSOLCA )

As probas finais da ESO e as Probas finais da Conv Extraordinaria de BACH e o 1º Curso da FPB realizaránse entre o 18 e o 20 Xuño 2025.

Calendario de Avaliación de Pendentos :

1ª Proba do 20 ao 24 xaneiro de 2025

Xunrtanza de Seguimento 7 de Febreiro 2025

2ª Proba do 5 ó 7 de Maio na ESO e 1º Bach. O día 28 de Marzo de 2025 en 1º de FPB , e do 10 ó 11 de Abril en 2º Bach.

Avaliación de Pendentos , por determinar



## II. AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial diagnóstica, serve para determinar a zliña basez sobre o nivel de coñecementos, motivacións, actitudes, intereses, expectativas, dificultades, etc. do alumnado. Sen dúbida, permítelle ao profesorado reorganizar o programa formativo e fixar os obxectivos da aprendizaxe dun modo realista e operativo, en función do diagnóstico realizado. A avaliación inicial é esencial para que o rendemento académico sexa aceptable e que a aprendizaxe sexa significativa.

En esencia, a avaliación inicial que se levará a cabo no centro a mediados do mes de outubro, proporcionaralle ao equipo docente dun instrumento de avaliación das capacidades e dos coñecementos que posúe o alumnado que se incorpora aos novos curso, a fin de abordar o proceso educativo con garantías, así como prever e anticipar axustes individuais (atención á diversidade). Poderíase dicir que é un xeito de obter a información precisa para identificar as necesidades do grupo ao inicio do curso, ciclo ou unidade didáctica para adecuar o programa ás capacidades do alumnado.

As principais características da avaliación inicial son as seguintes:

- Realízase ao principio de curso, para cada nivel educativo.
- Ten carácter orientativo
- Serve para coñecer a situación de partida do alumnado e da clase.
- Cada profesor/a aporta datos sobre a súa visión do grupo e de cada alumno/a.
- Permite o axuste das estratexias didácticas e pedagóxicas.
- Permite confrontar o que se ensina respecto do que se aprende.
- Orienta a programación, a metodoloxía a empregar, a organización da aula, as actividades a desenvolver, etc.

Entre os aspectos sobre os que é convinte recoller información, salientamos os seguintes:

Características do alumno/a z Actitude

z Motivación

z Intereses

z Estilo de aprendizaxe

z Habilidades sociais

z Autoconcepto

Características del alumno/a z Datos salientables da familia

z Datos destacables do contorno social

Contexto educativo z Aula: dinámica grupal

z Centro: historia escolar

z Profesorado

Competencia curricular z Áreas instrumentais:

z Lectura

z Escritura

z Resolución de problemas

z Coñecementos e procedementos básicos de cada materia

Por outra banda, cabe dicir que o profesorado conta con múltiples instrumentos para realizar a avaliación inicial: probas escritas, debates, observación na aula os primeiros días de clase, entrevistas, test de actitudes, test sociométricos, informes dos equipos de orientación, cuestionarios realizados polo profesorado, entrevistas dos titores coas familias, xogos, análise de producións realizadas polo alumnado (resumos, traballos, cadernos de clase, resolución de exercicios e problemas, probas orais, motrices, plásticas, musicais, etc.), autoavaliación, actividades de tutoría, etc.

Unha vez realizada a avaliación inicial, o coñecemento das características básicas e necesidades do alumnado vaille permitir ao equipo docente tomar unha serie de decisións relativas a:

- I. Planificar e programar as actividades docentes.
- II. Adoptar medidas de atención á diversidade nas aulas.
- III. Seleccionar metodoloxías a empregar nas aulas.

## III. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE CURSO/ETAPA ESO/BAC/FP/ FP BÁSICA

· Criterios de promoción en ESO

Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de

xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

- Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes :

- i. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior

- ii. Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos en el anexo IV (Decreto 156/2022) das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. A estes efectos non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

- iii. Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte

- iv. Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación

- v. Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

- O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

- A partir do curso 2022-23, para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao aprofundamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

- Dende o curso 2022-23, para a elaboración e o seguimento do plan específico personalizado a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

#### Criterios de promoción no bacharelato

- Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

- As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.

- O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros educativos organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

- As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

- A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo III do Decreto 157/2022, do 15 de

setembro, estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.

Non obstante, dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou alumno cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo, nos termos que establece a consellería con competencias en materia de educación. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable a efectos de modificar as condicións en que conseguiu a promoción a segundo.

- As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

- A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións en que unha alumna ou alumno que cursara o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade ou vía poida pasar a segundo curso nunha modalidade ou vía distinta, así como o cambio de materias.

#### Crterios de promoción en Ciclos Formativos

- O alumnado poderá formalizar a matrícula no segundo curso cando teña superados todos os módulos do primeiro curso ou se a suma da duración do módulo ou dos módulos pendentes non supera as 300 horas.

- En todo caso, cando un alumno ou unha alumna non logren a promoción deberán repetir os módulos profesionais non superados, para o cal deberán formalizar a matrícula no mesmo curso e se incorporarán ao grupo de alumnado correspondente.

- O alumnado que, logo da repetición de primeiro curso no mesmo centro, non obtiver avaliación positiva para a promoción ao segundo curso ou que, despois da repetición do segundo curso no mesmo centro, non consegue titularse por ter módulos pendentes de primeiro e/ou de segundo, poderá completar os módulos profesionais non superados e, así, concluír os seus estudos solicitando a admisión noutro centro. Non obstante, poderase formalizar unha terceira ou unha cuarta matrícula do mesmo curso no mesmo centro, sempre que existan prazas dispoñibles e non haxa listaxe de espera.

- Para a realización do módulo de Formación en Centros de Traballo, é necesaria a avaliación positiva en todos os restantes módulos profesionais que compoñen o ciclo formativo.

- O alumnado de 2º curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter módulos pendentes de 1º e/ou 2º curso poderá recuperalos neste mesmo período. Para este fin, o equipo docente asignaralle unha serie de actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

- Se o/a alumno/a non superou positivamente o módulo abandonará a empresa sen poder realizar a FCT ata que teña superado o citado módulo.

#### Crterios de titulación en Ciclos Formativos

A superación dun ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en todos e cada un dos módulos profesionais que o compoñen.

O alumnado que non supere na súa totalidade as ensinanzas do ciclo formativo recibirá un certificado académico dos módulos profesionais superados, que terá efectos de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas.

A nota final do ciclo formativo será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada un dos módulos, expresada con dous decimais. Os módulos profesionais validados ou exentos non se computarán para os efectos do cálculo da cualificación final do ciclo formativo.

#### Titulación, certificación e acreditación na formación profesional básica

Para a obtención do título profesional básico cumprirá superar todos os módulos.

O título profesional básico terá valor académico e profesional e permitirá o acceso aos ciclos formativos de grao medio.

A superación da totalidade dos módulos incluídos nun ciclo de formación profesional básica conducirá á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Os alumnos e as alumnas que finalicen os seus estudos sen obter o título profesional básico recibirán a certificación académica dos módulos profesionais superados, que terá efectos académicos e de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

O título profesional básico terá os mesmos efectos laborais que o título de graduado en educación secundaria obrigatoria para o acceso a empregos públicos e privados.

Os títulos profesionais básicos non constitúen unha regulación do exercicio de profesión regulada ningunha.

No caso de que o perfil profesional inclúa a posibilidade de desempeñar profesións reguladas ou exixencias específicas para unha ocupación concreta, recolleranse, como información complementaria en cada título de formación profesional básica, sen menoscabo do disposto no punto anterior.

A formación conducente á obtención dos títulos profesionais básicos capacitará para levar a cabo as funcións de nivel básico de prevención de riscos laborais recollidas no artigo 35 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, e na normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.

#### V. PROCEDEMENTO PARA A ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS EN BACHARELATO

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

· O alumnado poderá matricularse en segundo curso das materias con relación de continuidade que figuran no anexo III do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, sen ter cursado con anterioridade a materia de primeiro.

Neste caso, o alumnado deberá matricularse da correspondente materia de primeiro e cursala como pendente nas condicións establecidas no artigo 11 da Orde do 26 de maio de 2023. Esta materia de primeiro non será computable para os efectos de modificar as condicións en que a alumna ou o alumno promocionou ao segundo curso.

Continuidade entre materias no Bacharelato: consultar Anexo III - Decreto 157/2022

· Non obstante, no caso das materias específicas de modalidade de opción e no caso das materias optativas, o alumnado poderá acreditar os coñecementos da correspondente materia de primeiro antes do inicio das actividades lectivas do curso académico. Esta acreditación realizarase a través das probas que decida o departamento didáctico, baseadas en criterios obxectivos e avaliábeis, que permitan verificar que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En ningún caso se poderá considerar cursada ou superada a materia de primeiro curso.

No caso de non superar as probas de acreditación dos coñecementos da correspondente materia de primeiro curso, o alumnado deberá matricularse da dita materia e cursala como pendente nas condicións establecidas no artigo 11. A materia de primeiro non será computable para os efectos de modificar as condicións en que o alumnado promocionou ao segundo curso. Deixarase constancia desta acreditación no expediente académico mediante unha dilixencia, que se axustará no seu contido ao modelo que se establece no anexo II da Orde do 26 de maio de 2023 que desenvolve o D. 157/2022.

Sobre a materia común Lingua Estranxeira.

· Nos dous cursos do bacharelato cursarase o mesmo idioma na materia común Lingua Estranxeira.

· O alumnado que no segundo curso de bacharelato desexe cambiar o idioma da materia común Lingua Estranxeira poderá incorporarse ás ensinanzas de Lingua Estranxeira II noutro idioma coa autorización da dirección do centro e sempre que curse simultaneamente a materia de primeiro curso do novo idioma elixido.

A solicitude de cambio realizarase ante a dirección do centro no momento da matrícula e, en calquera caso, antes do inicio das actividades lectivas do segundo curso.

A correspondente materia de primeiro non será computable para os efectos de modificar as condicións en que o alumnado promocionou ao segundo curso.

· Nos casos en que, por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo curso non poida asistir ás clases de Lingua Estranxeira I, esta materia tratarase de forma análoga ás materias pendentes nas condicións reguladas no artigo 11

VI-Procedemento de revisión e reclamacións ó longo do curso e as cualificacións finais .

#### PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN NA ESO

(Orde 26 de maio de 2023, que desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro polo que se regula a ordenación e currículo da ESO en Galicia)

Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva

1. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade, os centros docentes concretarán nas súas normas de organización, funcionamento e convivencia:

a) Os procedementos para facer públicas a concreción curricular e as programacións didácticas.

b) O procedemento mediante o cal o alumnado, as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais poderán solicitar aclaracións, á persoa titora e ao profesorado, acerca das informacións e valoracións que reciban sobre o seu proceso de aprendizaxe, e sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso. Neste procedemento tamén se incluírá a forma de acceso e, de ser o caso, a obtención de copia dos instrumentos de avaliación aplicados.

c) O procedemento de revisión de cualificacións finais das materias e os ámbitos e da decisión de promoción ou de titulación do alumnado.

2. As direccións dos centros responsabilizaranse de que a información a que se refire o número 1 sexa accesible e se lle dea publicidade para toda a comunidade educativa.

#### Solicitud de revisión no centro

1. O alumnado ou, de ser o caso, as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais, que non estean de acordo coas cualificacións ou decisións adoptadas na avaliación final poderán solicitar cantas aclaracións consideren precisas á persoa titora e ao profesorado, de acordo co procedemento establecido nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro.

2. No caso de que persista o desacordo, a alumna ou o alumno, ou a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais poderán solicitar por escrito á dirección do centro a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.

3. As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente de revisión, que se lle remitirán, preferentemente, en formato dixital.

#### Procedemento de revisión de cualificacións finais

1. A dirección do centro trasladará ao departamento didáctico responsable da materia a solicitude de revisión da cualificación final e comunicará á persoa titora.

2. No primeiro día hábil seguinte a aquel en que finalice o prazo de solicitude de revisión, cada departamento didáctico analizará a solicitude de revisión recibida e o informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu a materia ou o ámbito obxecto de revisión e elaborará o correspondente informe que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, e a decisión adoptada de ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.

3. O departamento didáctico contrastará as actuacións seguidas no proceso de avaliación da alumna ou do alumno co establecido na programación didáctica, que deberán recollerse no informe, con especial referencia aos seguintes aspectos:

- a) A adecuación dos criterios de avaliación e dos contidos sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe da alumna ou do alumno cos recollidos na correspondente programación didáctica.
- b) A adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
- c) A correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da materia.
- d) A decisión debidamente motivada da ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.

4. O departamento didáctico trasladará o informe elaborado á dirección do centro, quen emitirá resolución coa decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada. Esta resolución comunicarase por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser o caso, á súa nai, ao seu pai ou ás persoas titoras legais como máximo no día hábil seguinte. Así mesmo, a dirección do centro informará da decisión á persoa titora facéndolle entrega dunha copia da resolución. Esta resolución porá fin ao procedemento de revisión de cualificacións finais.

5. Se, tras o proceso de revisión, procede a modificación dalgunha cualificación final, a secretaría, co visto e prace da dirección do centro, anotará a oportuna dilixencia nas actas de avaliación e, de ser o caso, no expediente e no historial académico

6. Á vista do informe elaborado polo departamento didáctico, da resolución da dirección do centro e en función dos criterios de promoción e titulación regulados nos artigos 28 e 29, respectivamente, e establecidos na concreción curricular do centro, a xefatura de estudos e a persoa titora poderán reunir en sesión extraordinaria o equipo docente para revisar as decisións adoptadas.

#### Procedemento de revisión da decisión de promoción ou titulación

1. A dirección do centro trasladará á persoa titora da alumna ou do alumno a solicitude de revisión da decisión de promoción ou titulación.
2. Nun máximo de dous días hábiles desde a finalización do prazo de solicitude de revisión o equipo docente reunirse en sesión extraordinaria para revisar a decisión adoptada sobre a promoción ou a titulación da alumna ou do alumno. Na acta da sesión extraordinaria recollerase a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións do equipo docente e a ratificación ou a modificación da decisión obxecto de revisión, razoada e motivada conforme os criterios para a promoción ou a titulación das alumnas e os alumnos regulados nos artigos 28 e 29, respectivamente, e establecidos na concreción curricular do centro.
3. A persoa titora da alumna ou do alumno trasladará a acta á dirección do centro, quen emitirá resolución de ratificación ou modificación razoada da decisión de promoción ou titulación. Esta resolución porá fin ao procedemento de revisión da decisión de promoción ou titulación.
4. Se, tras o proceso de revisión, procede a modificación da decisión de promoción ou titulación adoptada, a secretaría, co visto e prace da dirección do centro, anotará a oportuna dilixencia nas actas de avaliación e, se é o caso, no expediente e no historial académico.

#### Solicitude de reclamación ante as xefaturas territoriais

1. Se, tras o procedemento de revisión no centro, persiste o desacordo coa cualificación final dunha materia ou coa decisión sobre a promoción ou a titulación, o alumnado ou, de ser o caso, a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais poderán presentar por escrito á dirección do centro docente unha reclamación ante a xefatura territorial correspondente, no prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada.
2. A dirección do centro docente, no prazo máis breve posible e, en todo caso, non superior a dous días hábiles, remitirá por sede electrónica o expediente á xefatura territorial.

O expediente de revisión de cualificacións finais incorporará o informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu a materia ou o ámbito, o informe elaborado polo departamento didáctico, a copia fiel dos instrumentos de avaliación que xustifiquen as informacións acerca do proceso de avaliación da alumna ou do alumno, a resolución da dirección do centro, así como, se é o caso, as novas alegacións da persoa reclamante e, se procede, o informe da dirección sobre estas.

O expediente de revisión da decisión de promoción ou titulación incorporará a acta da sesión extraordinaria do equipo docente, a resolución da dirección do centro, as novas alegacións da persoa reclamante, de telas presentado e, se procede, o informe da dirección sobre estas.

#### Procedemento de reclamación

1. No caso de solicitude de reclamación a unha cualificación final, o Servizo Territorial de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da programación didáctica do departamento didáctico correspondente e da concreción curricular do centro, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á reclamación en función dos seguintes criterios:
  - a) A adecuación dos criterios de avaliación e dos contidos sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe da alumna ou do alumno cos recollidos na correspondente programación didáctica.
  - b) A adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
  - c) A correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da materia ou ámbito.
  - d) O cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde.
2. O Servizo Territorial de Inspección Educativa poderá solicitar a colaboración de persoal docente especialista nas materias a que faga referencia a reclamación para a elaboración do seu informe, así como solicitar aqueles documentos que considere pertinentes para a resolución do expediente.
3. No caso de solicitude de reclamación da decisión de promoción ou titulación, o Servizo Territorial de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da regulación dos artigos 28 e 29,



respectivamente, e da concreción curricular do centro, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á reclamación en función dos seguintes criterios:

- a) A adecuación dos criterios sobre os que se levou a cabo a decisión de promoción ou titulación.
- b) O cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde.

4. No prazo de quince días hábiles a partir da recepción do expediente, a xefatura territorial emitirá resolución motivada considerando a proposta incluída no informe que elabore o Servizo Territorial de Inspección Educativa. Esta resolución comunicárase de forma inmediata á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada e consignárase nos correspondentes documentos oficiais de avaliación. A resolución da xefatura territorial porá fin á vía administrativa.

5. Se, tras o proceso de reclamación, procede a modificación dalgunha cualificación final e/ou da decisión de promoción ou titulación para a alumna ou o alumno, a secretaría, co visto e prace da dirección do centro, expedirá a correspondente dilixencia nas actas, no expediente académico e no historial académico, facendo referencia á dita resolución.

Cando, á vista da resolución adoptada pola xefatura territorial, poida ser necesario modificar algunha das decisións previas adoptadas, o equipo docente reunirse en sesión extraordinaria.

6. De conformidade co artigo 119.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o exercicio do dereito á revisión e reclamación de cualificacións non pode resolverse cunha cualificación menor da inicialmente obtida.

-

## PROCEDIMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN NO BACHARELATO

(Orde 26 de maio de 2023, que desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro polo que se regula a ordenación e currículo do Bacharelato en Galicia)

### Procedemento de revisión e reclamación

Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva

1. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade, os centros docentes concretarán nas súas normas de organización, funcionamento e convivencia:

- a) Os procedementos para facer públicas a concreción curricular e as programacións didácticas.
- b) O procedemento mediante o cal o alumnado, as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais poderán solicitar aclaracións, á persoa titora e ao profesorado, acerca das informacións e valoracións que reciban sobre o seu proceso de aprendizaxe, e sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso. Neste procedemento tamén se incluírá a forma de acceso e, de ser o caso, a obtención de copia dos instrumentos de avaliación aplicados.
- c) O procedemento de revisión de cualificacións finais das materias e da decisión de titulación do alumnado.

2. As direccións dos centros responsabilizaranse de que a información a que se refire o número 1 sexa accesible e se lle dea publicidade para toda a comunidade educativa.

Solicitud de revisión no centro

1. A alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais que non estean de acordo coas cualificacións ou decisións adoptadas na avaliación final ordinaria ou extraordinaria, poderán solicitar cantas aclaracións consideren precisas á persoa titora ou ao profesorado, de acordo co procedemento establecido nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro.

2. No caso de que persista o desacordo, a alumna ou o alumno ou a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais poderán solicitar por escrito á dirección do centro a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.

3. As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente de revisión, que se lle remitirán, preferentemente, en formato dixital.

Procedemento de revisión de cualificacións finais

1. A dirección do centro trasladará ao departamento didáctico responsable da materia a solicitude de revisión da cualificación final, e comunicárala á persoa titora.

2. No primeiro día hábil seguinte a aquel en que finalice o prazo de solicitude de revisión, cada departamento didáctico analizará a solicitude de revisión recibida e o informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu



a materia obxecto de revisión e elaborará o correspondente informe que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, e a decisión adoptada de ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.

3. O departamento didáctico contrastará as actuacións seguidas no proceso de avaliación da alumna ou do alumno co establecido na programación didáctica, que deberán recollerse no informe, con especial referencia aos seguintes aspectos:

a) A adecuación dos criterios de avaliación e dos contidos sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe da alumna ou do alumno cos recollidos na correspondente programación didáctica.

b) A adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.

c) A correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da materia.

d) A decisión debidamente motivada da ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.

4. O departamento didáctico trasladará o informe elaborado á dirección do centro, quen emitirá resolución coa decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada. Esta resolución comunicarse por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser o caso, á súa nai, ao seu pai ou ás persoas titoras legais, como máximo, no día hábil seguinte.

Así mesmo, a dirección do centro informará da decisión a persoa titora facéndolle entrega dunha copia da resolución. Esta resolución porá fin ao procedemento de revisión de cualificacións finais.

5. Se, tras o proceso de revisión, procede a modificación dalgunha cualificación final, a secretaría, co visto e prace da dirección do centro, anotará a oportuna dilixencia nas actas de avaliación e, de ser o caso, no expediente e no historial académico.

6. Á vista do informe elaborado polo departamento didáctico, da resolución da dirección do centro e en función dos criterios de promoción e titulación regulados nos artigos 30 e 31, respectivamente, e establecidos na concreción curricular do centro, a xefatura de estudos e a persoa titora poderán reunir en sesión extraordinaria o equipo docente para revisar as decisións adoptadas.

Procedemento de revisión da decisión de titulación

1. A dirección do centro trasladará á persoa titora da alumna ou do alumno a solicitude de revisión da decisión de titulación.

2. Nun máximo de dous días hábiles desde a finalización do prazo de solicitude de revisión, o equipo docente reunirse en sesión extraordinaria para revisar a decisión adoptada sobre a titulación da alumna ou do alumno.

Na acta da sesión extraordinaria recollerase a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións do equipo docente e a ratificación ou a modificación da decisión obxecto de revisión, razoada e motivada conforme os criterios para a titulación das alumnas e os alumnos establecidos con carácter xeral na concreción curricular.

3. A persoa titora da alumna ou do alumno trasladará a acta á dirección do centro, quen emitirá resolución de ratificación ou modificación razoada da decisión de titulación. Esta resolución porá fin ao procedemento de revisión da decisión de titulación.

4. Se tras o proceso de revisión, procede a modificación da decisión de titulación adoptada, a secretaría, co visto e prace da dirección do centro, anotará a oportuna dilixencia nas actas de avaliación e, se é o caso, no expediente e no historial académico.

Solicitude de reclamación ante as xefaturas territoriais

1. Se tras o procedemento de revisión no centro persiste o desacordo coa cualificación final dunha materia ou coa decisión sobre a titulación, o alumnado ou, de ser o caso, a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais poderán presentar por escrito á dirección do centro docente unha reclamación ante a xefatura territorial correspondente, no prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte ao da comunicación sobre a decisión adoptada.

2. A dirección do centro docente, no prazo máis breve posible e, en todo caso, non superior a dous días hábiles, remitirá por sede electrónica o expediente á xefatura territorial. O expediente de revisión de cualificacións finais incorporará o informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu a materia, o informe elaborado polo departamento didáctico, a copia fiel dos instrumentos de avaliación que xustifiquen as informacións acerca do proceso de avaliación da alumna ou do alumno, a resolución da dirección do centro, así como, se é o caso, as novas alegacións da persoa reclamante e, se procede, o informe da dirección sobre estas. O expediente de revisión da decisión de titulación incorporará a acta da sesión extraordinaria do equipo docente, a resolución da dirección do centro, as novas alegacións da persoa reclamante de telas presentado e, se procede, o informe da dirección sobre estas.

Procedemento de reclamación

1. No caso de solicitude de reclamación a unha cualificación final, o Servizo Territorial de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da programación didáctica do departamento didáctico correspondente e da concreción curricular do centro, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á reclamación en función dos seguintes criterios:

- a) A adecuación dos criterios de avaliación e dos contidos sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe da alumna ou o alumno cos recollidos na correspondente programación didáctica.
  - b) A adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
  - c) A correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da materia.
  - d) O cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde.
2. O Servizo Territorial de Inspección Educativa poderá solicitar a colaboración de persoal docente especialista nas materias a que faga referencia a reclamación para a elaboración do seu informe, así como solicitar aqueles documentos que considere pertinentes para a resolución do expediente.
3. No caso de solicitude de reclamación da decisión de titulación, o Servizo Territorial de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da regulación do artigo 31 e da concreción curricular do centro, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á reclamación en función dos seguintes criterios:
- a) A adecuación dos criterios sobre os que se levou a cabo a decisión de titulación.
  - b) O cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde.
4. No prazo de quince días hábiles a partir da recepción do expediente, a xefatura territorial emitirá resolución motivada considerando a proposta incluída no informe que elabore o Servizo Territorial de Inspección Educativa. Esta resolución comunicárase de forma inmediata á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada e consignárase nos correspondentes documentos oficiais de avaliación. A resolución da xefatura territorial porá fin á vía administrativa.
5. Se tras o proceso de reclamación procede a modificación dalgunha cualificación final e/ou da decisión titulación para a alumna ou o alumno, a secretaría, co visto e prace da dirección do centro, expedirá a correspondente dilixencia nas actas, no expediente académico e no historial académico, facendo referencia á dita resolución. Cando, á vista da resolución adoptada pola xefatura territorial, poida ser necesario modificar algunha das decisións previas adoptadas, o equipo docente reunirse en sesión extraordinaria.
6. De conformidade co artigo 119.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o exercicio do dereito á revisión e reclamación de cualificacións non pode resolverse cunha cualificación menor da inicialmente obtida.
7. Tendo en conta que o segundo curso de bacharelato é un curso terminal que posibilita iniciar estudos superiores a través dunha proba de acceso, e coa finalidade de permitir a revisión das reclamacións ás cualificacións finais co tempo suficiente para que a alumna ou o alumno coñeza a súa situación académica antes do inicio da proba, a consellería con competencias en materia de educación ditará as instrucións específicas para cada curso académico, en que se establecerán o procedemento e os prazos que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións.

### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

#### Matrícula de honra na ESO

¿ As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número

de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

Se houbera máis candidatos/as á distinción de matrícula de honra das que fora posible conceder, os criterios para outorgalas serían os seguintes:

1. Os alumnos/as candidatos ordenarase de maior a menor nota media do cuarto curso da ESO, e iranse outorgando as matrículas de honra dispoñibles seguindo esta listaxe.

2. No caso de empate na nota media do cuarto curso da ESO, outorgaráselle matrícula de honra ao alumno/a con maior nota media da etapa.

#### Matrícula de honra no Bacharelato

O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso

igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

Se houbera máis candidatos/as á distinción de matrícula de honra das que fora posible conceder, os criterios para outorgalas serían os seguintes:

1. Os alumnos/as candidatos ordenaranse de maior a menor nota media do segundo curso do bacharelato, e iranse outorgando as matrículas de honra dispoñibles seguindo esta listaxe.
2. No caso de empate na nota media do segundo curso do bacharelato, outorgaráselle matrícula de honra ao alumno/a con maior nota media no primeiro curso do bacharelato.

#### Matrícula de honra nos Ciclos Formativos

Consonte o establecido no artigo 26.4 da Orde do 12 de xullo de 2011, os alumnos e as alumnas que obteñan unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna.

O número de matrículas de honra que se poderán conceder en cada centro por cada grupo de alumnos/as matriculados/as con opción a titularse nun determinado ciclo formativo no curso académico será como máximo de dúas. Non obstante, no caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados/as con opción a titularse no ciclo formativo no curso académico sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra.

Para estes efectos, e dado que o alumnado pode titularse en diferentes períodos do curso académico, a mención de matrícula de honra só poderá realizarse no mes de xuño logo de realizada a avaliación final de módulos correspondente. No caso de que o alumnado beneficiario rematase o ciclo formativo noutro mes do curso, a mención de matrícula de honra será consignada cunha dilixencia nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna.

Se houbera máis candidatos/as á distinción de matrícula de honra das que fora posible conceder, os criterios para outorgalas serían os seguintes:

1. Os alumnos/as candidatos ordenaranse de maior a menor nota final do ciclo, e iranse outorgando as matrículas de honra dispoñibles seguindo esta listaxe.
2. No caso de empate na nota final do ciclo, a matrícula de honra outorgarase según criterio do equipo docente, tendo en consideración, entre outras cousas, o desempeño do alumno/a nas prácticas de formación no centro de traballo.

### I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

1. As programacións didácticas deberán estar rematadas ante do comezo das clases.
2. Para a ESO e o bacharelato, a lexislación vixente establece que os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendados. Esta programación é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante de cada departamento.

Os diferentes departamentos do IES Marco do Camballón deberán seguir o seguinte protocolo á hora da elaboración das distintas programacións didácticas:

- Cada un dos departamentos didácticos deberá elaborar a programación de cada unha das materias ou ámbitos que teña asignados. A xefatura de cada departamento deberá coordinar e responsabilizarse da súa redacción final.
- Os Xefes/as de Departamento entregarán as programacións e/ou as correspondentes modificacións en formato electrónico antes do comezo das actividades lectivas de cada curso escolar ou, no seu caso, dentro do prazo acordado, se fose distinto.

A Xefatura de Estudos do centro comprobará que na programación de cada un dos departamentos figuran os apartados correspondentes (mencionados abaixo). De faltar algún deles, deberá instar ao departamento a completala. Unha vez que a Xefatura de Estudos teña no seu poder todas as programacións completadas e organizadas debidamente, deberá remitir unha copia ao Servizo de Inspección Educativa. No escrito de remisión farase constar expresamente que todas as programacións conteñen os apartados que a normativa vixente contempla.

O cambio de profesorado non debe implicar unha nova programación, senón que todo profesor/a que se incorpore a un departamento debe adaptarse á programación vixente.

O profesorado informará ao alumnado das programacións docentes da súa materia ou ámbito. Esta información

básica incluirá os estándares mínimos avaliábeis e os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e cualificación. Así mesmo, a principio de curso o Xefe/a de Departamento dará a coñecer á comunidade educativa a programación didáctica do seu departamento, colocando unha copia nos taboleiros habilitados no corredor de Secretaría e/ou incluíndo unha versión electrónica no espazo do seu departamento na web oficial do centro.

3. A programación didáctica dos cursos da ESO e Bacharelato, cuxos currículos están regulados no decreto 156/2022 e 157/2022 respectivamente, será elaborada na aplicación PROENS (<https://www.edu.xunta.gal/proens/>) e constará dos seguintes apartados:

- a) Introducción
- b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave
- c) Relación de unidades didácticas, coa súa secuenciación e temporalización
- d) Metodoloxía
  - a. Concrecións metodolóxicas
  - b. Materiais e recursos didácticos
- e) Avaliación
  - a. Procedemento para a avaliación inicial
  - b. Criterios de calificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou ámbito
  - c. Criterios de recuperación, procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
  - d. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias (só na etapa de BAC)
- f) Medidas de atención á diversidade
- g) Transversal
  - a. Concreción dos elementos transversais
  - b. Actividades complementarias
- h) Práctica docente
  - a. Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro
  - b. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

4. Para a elaboración da programación didáctica dos Ciclos Formativos e da FP básica emprégase a aplicación informática existente no portal de fp: <https://www.edu.xunta.es/programacions>.

5. Por último, achégase un modelo de táboa para a avaliación da programación didáctica:

#### AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

##### MECANISMO DE REVISIÓN

Con que periodicidade se revisará?:

A programación didáctica revisarase unha vez ao mes. Os resultados de dita revisión recolleranse nas actas de departamento.

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

En caso de desfase refarase a programación de aula, deseñando unidades didácticas que engloben máis contidos e, se fora o caso, eliminando aqueles que afecten a estándares de aprendizaxe que non teñen peso na cualificación.

Indicadores de logro ESCALA

##### MECANISMO DE AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 1 2 3 4

- 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?
- 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?
- 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?
- 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?
- 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
- 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas
- 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?
- 8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación
- 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación
- 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver
- 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento
- 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula
- 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados
- 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado
- 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma

- 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares
- 17.- Fixouse para o bacharelato un procedemento de acreditación de coñecementos previos
- 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.
- 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación
- 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final
- 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria
- 22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes
- 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes
- 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar
- 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares
- 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE
- 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas
- 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos
- 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción
- 30.- Seguiuuse e revisouse a programación ao longo do curso
- 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro
- 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia

## m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

### PROXECTOS E PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

- Plan proxecta: Fíxose a solicitude para o Parlamento Xove, leva por título: Torneo de debate Parlamento Xove
- Contratos Programa, pendentes de solicitude no curso actual ó non saír publicada a convocatoria.
- EDixgal: Durante o curso 2018-19 comezamos a experiencia eDixgal no noso centro, implantando o proxecto no primeiro curso da ESO e acadando resultados satisfactorios. Continuamos con esta liña de traballo, no curso 2019-20, implementando eDixgal no 2º curso da ESO e, que se estendeu no curso 2021-22 a 3º e 4º ESO, abarcando deste xeito toda a ensinaza obrigatoria na actualidade. Neste curso académico o Departamento de Galego, decidiu saír do Programa E-dixgal, Claustro 8/5/24.
  - Erasmus+ é o programa europeo nos ámbitos da educación, a formación, a xuventude e o deporte para o período 2021-2027, no que fai especial fincapé na inclusión social, nas transicións ecolóxica e dixital, e no fomento da participación das persoas xoves na vida democrática.. Erasmus+ é o programa único que trata de impulsar as perspectivas laborais e o desenvolvemento persoal, ademais de axudar a os nosos sistemas de educación, formación e xuventude a proporcionar unha ensinaza e unha aprendizaxe que doten ás persoas das capacidades necesarias para o mercado laboral e a sociedade actual e futura. O noso centro participa en programas europeos de mobilidade de alumnado de FP.
    - Sección Bilingüe .O IES Marco do Camballón ten sección bilingüe na materia de Educación Física. Nos cursos de 1º, 2º, 3º ESO en idioma inglés, cóntase con auxiliar de conversa na ESO e Bacharelato.
    - PLAMBE-
    -

#### 1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

Durante o vindeiro curso o traballo da biblioteca do IES Marco do Camballón estará centrado nos COIDADOS. O profesorado debe planificar actividades que teñan como eixe os elementos transversais descritos no artigo catro do Decreto 86/2015 e coordinarse coa Biblioteca, elaborando un proxecto multidisciplinar coas diferentes materias.

A temática está formulada para conseguir un maior grado de implicación dos departamentos como pequenos dinamizadores das aulas e deste xeito que o alumnado poida adquirir competencias clave e comprender e integrar a información abordada dende diferentes ámbitos.

O traballo da temática de cada bloque artellarase ao redor de actividades que servirán de punto de partida. Durante o primeiro trimestre traballaremos os coidados persoais, COIDAMOS DE NÓS MESMOS, desenvolvendo actividades relacionadas coa alimentación, o exercicio físico e as emocións. No segundo trimestre centrarémonos nas relacións persoais, COIDAMOS DOS DEMAIS. Traballaremos aspectos relacionados cos primeiros auxilios, a lingua de signos, e realizaremos apadriñamentos lectores nas escolas infantís e na residencia de maoires da Vila. Na última parte do curso centrarémonos no coidado do medio que nos rodea, COIDAMOS O MEDIO AMBIENTE. Realizaremos recollidas de lixo de forma periódica, obradoiros de reciclaxe e trataremos concienciar sobre o coidado dos animais a través da colaboración coa protectora de Bando.



A difusión deste traballo realizarase a través da radio. Seguiremos utilizando este medio para traballar contidos relativos á convivencia universal de persoas e saberes. Outra canle importante de difusión son as nosas contas nas redes sociais, facebook e Instagram (bibliocruces) así como o blog Abre os ollos. Estas vías, tan próximas ao alumnado, permítenos mostrar as nosas actividades a toda a comunidade educativa. Tamén son un medio para coñecer os seus gustos e inquedanzas.

En relación ao traballo diario na Biblioteca as tarefas básicas que realizará o equipo serán as seguintes:

- Catalogación, a través do KOHA, das novas adquisicións e dos fondos dos departamentos.
- Uso do lector de códigos de barras. Seguiremos colocando adhesivos cos códigos de barras do novo programa KOHA.
- Corrección de erros no catálogo que non permiten unha busca eficaz no KOHA. Ampliaremos o apartado relativo á materia nos libros e no material audiovisual.
- Préstamo dos fondos durante os recreos.
- Difusión dos libros electrónicos. Temos cinco que poden ser levados en préstamo.
- Renovación do Proxecto Lector.
- Dotación de adhesivos aos libros do fondo de intercambio e aos volumes do fondo xeral.
- Expurgo. Realizaremos tres expurgos, un por avaliación. Algúns dos libros serán incluídos no depósito ubicado na aula do alumnado e outros doados ao punto de intercambio.
- Difusión das actividades organizadas pola Biblioteca, os Departamentos e O Equipo de Normalización Lingüística.
- Exposición e renovación periódica das novidades no interior da Biblioteca e nos corredores do centro.
- Actualización do blog e dos contidos das redes sociais.
- Formación e organización do equipo de voluntariado.

## 2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA

O noso obxectivo prioritario é que o alumnado coñeza a organización da Biblioteca, sexa capaz de buscar nos catálogos e manexe con desenvoltura os distintos tipos de materiais. Traballarase de forma especial co alumnado de 1º de ESO, 1º do Ciclo de TAPSD, Soldadura e FPB a través da figura de alumno colaborador (voluntariado), do Club de Lectura e da formación de usuarios. Nas primeiras semanas do curso todo o alumnado de 1º da ESO e 1º de ciclos e FPB asistirá na Biblioteca a unhas xornadas de formación. Serán informados sobre o funcionamento da Biblioteca e as actividades previstas. A principio de curso realizaremos unha visita á Biblioteca Municipal co alumnado de 1º de ESO para que coñezan o seu funcionamento e soliciten o carné de usuario/a. Tamén desenvolveremos unha reunión coas familias para expoñer o noso proxecto e fomentar entre elas a participación activa.

Durante o próximo curso, seguiremos difundindo os libros electrónicos (temos cinco dispositivos) Consideramos que son un medio a ter moi en conta en determinadas circunstancias. Intentaremos adquirir máis títulos centrados nas preferencias do alumnado e na temática do noso proxecto.

Uso do lector de códigos de barras para o préstamo de libros e material audiovisual. A maioría dos volumes da biblioteca están dotados de adhesivos co seu correspondente código de barras. Durante o próximo curso seguiremos correxindo erros e marcando ao novo material con estes distintivos que axilizan o préstamo.

A adquisición de novos títulos estará centrada na literatura xuvenil, nas suxestións realizadas pola comunidade educativa e nas peticións de cada Departamento. Renovaremos as seccións adicadas á difusión da ciencia e das letras, en formatos atractivos para o alumnado. Buscando en redes sociais os referentes que os poidan atraer. Procuraremos a incorporación de novos autores que sexan ademais divulgadores científicos, filosóficos, da lingua e teñan perfil en redes sociais.

Seguiremos desenvolvendo a HORA DE LER, que foi modificada durante o curso 17-18. No curso 21-22 aprobouse, ademais, a implantación nos dous cursos dos ciclos medios. Realízase durante vinte minutos todos os días do curso agás a semana de exames. Altérnase a hora cada semana para que non coincida coas mesmas materias. O alumnado debe ter consigo un libro de lectura.

A renovación do material audiovisual será outro dos nosos obxectivos, dado o seu interese didáctico e a demanda que ten entre alumnado e profesorado. Fomentaremos os contidos relacionados coas materias científicas e tecnolóxicas.

Entre as actividades previstas destacaremos as seguintes:

COIDAMOS DE NÓS MESMOS (primeiro trimestre)

- Charla con Uxia González, nutricionista e antiga alumna do centro, orientada a alumnado de 3º e 4º da ESO.
- Actividades de Mindfulness para alumnado e profesorado a cargo de Anxo Fariña.
- Biblioterapia. Realizaremos un catálogo de obras recomendadas para cada situación persoal.
- Obradoiro sobre emocións a cargo da psicóloga da residencia de maiores da Vila para alumnado de Bacharelato.
- En relación ao proxecto recreos culturais: Obradoiro de calceta a cargo de Belén Parceró, antiga alumna do centro. Continuaremos co obradoiro de costura.
- Gardas activas. Realizaremos percorridos polos arredores do centro naquelas sesións de clase nas que falte o



profesor/a e nas que sexa posible.

-Obradoiros de cociña a cargo de Maruja da Cunca (integrante do club de lectura de adultos). Realizarase con alumnado dos Ciclos.

COIDAMOS DOS DEMAIS (segundo trimestre)

-Obradoiros de primeiros auxilios a cargo do alumnado do Ciclo de TAPSD para todo o centro.

-O Entroido como actividade de relación social, traballaremos os diferentes entroidos que hai en Galicia. Actividade orientada a todo o centro.

-O alumnado de 2º curso de TAPSD impartirá sesións sobre linguaxe de signos e apoio á comunicación en distintos cursos da ESO.

-Concurso de fotografía sobre a obra de Rosalía de Castro. Orientado a todo o alumnado do centro.

-Taller de poesía creativa con Carlos Negro durante a semana da poesía para alumnado de 3º e 4º da ESO.

-Apadriñamentos lectores nas escolas infantís e nos CEP do Concello a desenvolver con 1º da ESO e o Ciclo de TAPSD.

-Relacións de parella. Charla con Noelia Míguez orientada a alumando de Bacharelato.

COIDAMOS SO MEDIO AMBIENTE (terceiro trimestre)

-Realizaremos recollidas de lixo de forma periódica co alumnado de distintos cursos da ESO.

-Obradoiro sobre reciclaxe no marco do proxecto Sostenibilidade a realizar con 1º da ESO.

-Coidamos dos animais. Actividade a cargo da protectora de animais de Bando orientada ao alumnado de 1º e 2º da ESO.

-Seguiremos desenvolvendo o proxecto RECREOS CULTURAIIS. Realizaranse os xoves e venres na aula do alumnado ou na biblioteca. Neste espazo, tanto alumnado como profesorado poderá colaborar desenvolvendo talleres, mostrando as súas habilidades ou contando experiencias que sirvan para o mellorar a convivencia entre todos os membros da comunidade educativa

-Intercambio de libros. Renovaremos esta sección e difundiremos os fondos a través das nosas redes sociais.

-Apadriñamentos lectores. O grupo de 1º curso do ciclo de TAPS e o alumnado de 1º de ESO compartirán lecturas na escola infantil de Vila de Cruces, no Colexio de Piloño e no Colexio A Nosa Señora da Piedade de Vila de Cruces.

-Colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística na súa difusión da lingua escrita e oral.

### 3. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL

Durante o curso 2024 - 2025 pretendemos continuar transformando a Biblioteca nun centro de recursos para toda a comunidade educativa, afondando na aplicación das novas tecnoloxías. Poñeremos especial atención no alumnado dos primeiros cursos da ESO, 1º de ciclos e FPB.

- Seguiremos fomentando a figura do alumnado colaborador (voluntariado). Levaranse a cabo actividades de adestramento específicas para este alumnado que lle permitan coñecer a fondo a Biblioteca, as instalacións e as normas de funcionamento. Procederáse á sinatura do "contrato de colaboración".

- Utilizaremos as redes sociais; Instagram (bibliocruces) e facebook para difundir novidades, recomendacións e actividades

- Desenvolveremos actividades de formación nas técnicas para a navegación en internet.

- Organizaremos actividades de formación para que o alumnado se familiarice coa CDU (busquen documentos, localicen películas, coloquen libros no lugar axeitado)

- Elaboraremos unha guía de formación de usuarios.

- Redactaremos boletíns de suxestións e faremos recomendacións lectoras periódicas a través do alumnado colaborador.

A biblioteca dispón do seu propio blog, "Abre os ollos", co seguinte enderezo: [bibliotecamballonblogspot.com](http://bibliotecamballonblogspot.com), dunha conta en Facebook <https://www.facebook.com/biblioteca.viladecruces> e outra en Instagram (bibliocruces). Estas serán ferramentas para difundir as actividades realizadas pola Biblioteca ou en colaboración cos departamentos do centro. Seguirase, tamén, coa actualización dos blogs do club de lectura, de alumnos e de país, para que sirvan como foros de debate.

En colaboración co equipo TIC, a Biblioteca promoverá o coñecemento e utilización por parte do alumnado de distintas ferramentas dixitais.

### 4. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO

A tarefa máis importante, con relación a este apartado, será a renovación do Proxecto Lector. Desenvolveremos tamén as seguintes:

- Continuaremos coa organización dos clubs de lectura dirixidos ao alumnado, así coma a país e nais.

- Participaremos en concursos literarios e premios organizados por entidades públicas ou privadas.

- Estableceremos unha dinámica de colaboración cos centros de primaria do concello a través do apadriñamento de lectores. Seguiremos realizando intercambios de libros con centros da contorna. Co CPI de Vedra realizaremos a final de curso unha ruta literaria que sirva para intercambiar experiencias entre alumnado e profesorado.

- Seguiremos participando no Encontro de Entroido Intercentros.

- Continuaremos utilizando a radio como medio de difusión do noso traballo.

- Faremos recomendacións de lectura, por niveis, a través da pantalla da Biblioteca, do blog e dos boletíns informativos.
- Realizaremos presentación de libros no centro que incluírán debates e charlas cos autores.
- Melloraremos as bibliotecas de aula en colaboración cos distintos departamentos, insistindo na atención á diversidade.
- Traballaremos aspectos do PEC que incidan sobre a lectura.
- Organizaremos reunións periódicas cos titores e cos xefes dos distintos departamentos para difundir os fondos da biblioteca
- Colaboraremos en actividades destinadas á atención á diversidade.

#### 5. AVANCES CARA A UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA

Os proxectos relacionados coa coeducación incluírán a toda a Comunidade Educativa. No ciclo de Atención a Persoas en situación de Dependencia elaborarán libros con pictogramas. Tamén iniciarán un club de lectura fácil en colaboración coa residencia de maiores e cos usuarios de MEDELO en Silleda. De cara ao próximo curso ampliaremos os libros de lectura fácil para traballar co alumnado estranxeiro.

Trataremos de potenciar a lectura coas familias a través do club de lectura de adultos e as lecturas compartidas. Organizaremos recomendacións de lectura durante os recreos culturais a cargo de nais, pais e exalumnado do centro.

#### 6. OUTRAS ACTUACIÓNS

- Para conmemorar o día das Bibliotecas (24 de outubro) organizaremos un xogo de pistas polo centro que permita ao alumnado de 1º da ESO e 1º de Ciclos familiarizarse cos espazos e os materiais dos que dispón a Biblioteca.
- Coincidindo co Día da Diversidade (3 decembro) realizaremos unha xornada de sensibilización coa colaboración de Alex Ferradás, en diferentes grupos da ESO.
- Concurso de escritura rápida. Para celebrar o Día do Libro (23 de abril). Orientado a todo o alumnado do centro.
- Percorrido polos escenarios do libro La extraña desaparición de Carolina Santomé ambientado en Piloño, con alumnado do club de lectura.

#### 7. CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A través da análise dos resultados trataremos de comprobar como se desenvolveron as iniciativas previstas no proxecto. Comprobaremos se contribuíron á consecución dos obxectivos e cubriron as necesidades dos usuarios. Teremos en conta esta avaliación para planificar o traballo do curso seguinte.

Realizaremos unha autoavaliación do equipo da biblioteca; unha avaliación do equipo directivo e do Centro así como un informe final. Para isto, utilizaremos enquisas que serán cubertas polos diferentes sectores da comunidade educativa e teremos en conta as suxestións do Claustro, da comisión da biblioteca do Consello escolar e a Comisión de coordinación Pedagóxica.

#### 8. PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE /DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO

Na actualidade o equipo da biblioteca consta de 6 persoas, unha coordinadora, unha persoa encargada da radio, outra do club de Lectura e tres colaboradores/as máis. (pertencentes aos Departamentos de Xeografía e Historia, Relixión, Matemáticas, Lingua e Literatura Española, Filosofía e CMTAPSD). Este grupo adica, no curso 2023-2024, un total de 13 horas á organización e dinamización da Biblioteca. O horario a desenvolver no próximo curso vai ser similar. A persoa responsable /dinamizadora da biblioteca será Susana Porral Vicente

### **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

- 1-Ádecuar os obxectivos ó contexto escolar .
- 2-Valorar os procesos e os resultados de aprendizaxe do alumnado e do exercicio da práctica docente .
- 3-Revisar o grao de adquisición das competencias .
- 4-Revisar o logro dos obxectivos de etapa .
- 5-Actuar por medio dos plans de reforzo e recuperación .
- 6-Uso de decisións e métodos pedagóxicos e didácticos e a súa contribución ó desenvolvemento das competencias do currículo.
- 7-Por medio da revisión e modificación das propias Programacións .

8- Uso adecuado dos recursos ó servizo do noso alumnado .

9- Adecuación , participación e estruturación do noso proxecto , para que revirta positivamente no noso proxecto educativo .

10- Potenciación das medidas de atención á diversidade .

## **o) Outros apartados**

**1. ..**

..